

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA DO DÍA 24 DE XULLO DE 2026.

PRESIDENTE:

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA.

VOGAIS:

D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA.
D. JAVIER TOURÍS ROMERO (*En substitución de DONA LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ*).
D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
DONA BELÉN CACHAFEIRO ANTA.
DONA MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ.
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO.
D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO.
DONA ANA LAURA IGLESIAS GÓNZÁLEZ.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ.
DONA NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.
D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ.
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR.

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as doce horas do día 24 de xullo de 2026 asisten, baixo a Presidencia de D. Jesús Vázquez Almuiña Presidente da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asiste a Deputada, Dona María Luisa Sánchez Méndez, sendo substituída polo Deputado, Don Javier Tourís Romero.

Asisten o Interventor, Don Antonio Graña Gómez e tamén a Secretaria Xeral, María Beatriz del Cerro del Río.

Actúa como Secretario delegado da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, Don José Antonio Gullás Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, en virtude de nomeamento efectuado por Resolución Presidencial número 2026004574 de data 4 de xuño de 2026.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. *Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, do día 19 de xuño de 2026. (Expte.-2023057599).***

Sometido a votación o asunto, apróbase por unanimidade a acta da reunión anterior da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, do día 19 de xuño de 2026.



2. Aprobación da primeira prórroga dos lotes 2, 3 e 4 do contrato de servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación. (Exptes.- 2026057535 - 2024043090).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación da primeira prórroga dos lotes 2, 3 e 4 do contrato de servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación, asinada con data 17 de xullo de 2026 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e con data 20 de xullo de 2026 polo Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, cuxo contido é o seguinte:

“Resultando.- Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión celebrada en data 31 de xullo de 2025, acordou a adxudicación dos lotes 2, 3 e 4 do contrato para a prestación do Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra, ás seguintes empresas, polos prezos e valores ofertados reflexados no citado acordo:

- *Lote 2: SALZILLO SEGURIDAD, S.A. (CIF: A73100638)*
- *Lote 3: SALZILLO SEGURIDAD, S.A. (CIF: A73100638)*
- *Lote 4: ALCOR SEGURIDAD, S.L. (CIF: B27382175)*

Resultando.- Que os contratos dos lotes 2, 3 e 4 formalizáronse en documentos administrativos de data 29 de agosto de 2025, indicándose nestes que o prazo de duración se inicia o 01 de setembro de 2025 por un ano, coa posibilidade de tres prórrogas anuais.

Resultando.- Que vistos os informes dos/das responsables do contrato para o lote 2 de data 26 de xuño de 2026 (CSV: 9TFVORYVPKZG3OXS), para o lote 3 de data 23 de xuño de 2026 (CSV: T5ZYL7OYE2AX1ZAT) e para o lote 4 de data 02 de xullo de 2026 (CSV: B1IN8DUD6HA8ZDX0), de acordo o cal na actualidade a execución do contrato vense desenvolvendo de acordo co pactado, e segundo o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte das empresas contratistas que xustifiquen a improcedencia da prórroga nos respectivos lotes.

Resultando.- Que consta no expediente preaviso notificado ás empresas contratistas de cada lote (CSV lote 2: SWRY26S7RYL4JQF0, CSV lote 3: JMNUJBOFKBOASA2N e CSV lote 4: T2NZROZIZY4RATN4) realizado coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para os contratistas.

Resultando.- Que, con data 01 de xullo de 2026 (CSV: L835R5J2X3YZ2ZVN), con data 8 de xullo de 2026 (CSV: VFATO2EPQ0PMWVB8) e con data 09 de xullo de 2026 (CSV: IGCTS5SSJNOWX9MT), a Intervención informa sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender os gastos desta prórroga nas respectivas aplicacións orzamentarias, indicando os documentos de retención de crédito emitidos ao efecto.

Resultando.- Que consta no expediente informe favorable emitido de xeito conxunto polo servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, a Secretaría Xeral e a Intervención da



Deputación de Pontevedra, de data 14 de xullo de 2026 (CSV: KHZ6UD0UTSHV7TNW), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes dos/as responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga dos lotes 2, 3 e 4 do contrato de servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra por un ano, desde o 01 de setembro do 2026 ata o 31 de agosto do 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é o Pleno provincial. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de setembro do 2026.”

Considerando.- Que o artigo 29.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público permite que o contrato poda prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordaraa o órgano de contratación e será obrigatoria para a empresaria ou empresario sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, agás que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. En ningún caso se poderá producir a prórroga polo consentimento tácito das partes.

Considerando.- Que, de conformidade co dito artigo, a cláusula 6 do prego económico-administrativo, e o propio contrato de Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra, previron a posibilidade de realizar tres prorrogas anuais.

Considerando.- Que de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación, neste caso, o Pleno, adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que, no seu apartado 1, faculta ao Pleno para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial,

O Pleno de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, ACORDA:

1.- Aprobar a primeira prórroga dos lotes 2, 3 e 4 do contrato para a prestación do “Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra” subscrito coas empresas:

- Lote 2: SALZILLO SEGURIDAD, S.A. (CIF: A73100638)*
- Lote 3: SALZILLO SEGURIDAD, S.A. (CIF: A73100638)*
- Lote 4: ALCOR SEGURIDAD, S.L. (CIF: B27382175)*

durante o período que vai desde o 01 de setembro do 2026 ata o 31 de agosto do 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	LOTE	CENTRO	Aplicación orzamentaria	Importe servizos ordinarios (con IVE)	Orzamento máximo servizos extraordinarios (con IVE)
2026	LOTE 2	Centro Príncipe Felipe	232.2312.227.01	148.876,60 €	14.003,51 €
		Centro de Vacacións A Lanzada	233.3370.227.01	4.967,24 €	467,22 €
	LOTE 3	Museo de Pontevedra	333.3330.227.01	319.955,31 €	30.314,93 €
		Arquivo Provincial	332.3322.227.01	745,21 €	70,60 €
	LOTE 4	Cooperación	942.4330.227.01	7.407,77 €	740,78 €
		Cooperación - CAS	942.4331.227.01	6.769,05 €	676,91 €
		Finca Mouriscade	410.4120.227.01	638,73 €	63,87 €
		Estación Fitopatolóxica Areeiro	413.4123.227.01	638,73 €	63,87 €
		Centro Operativo Infraestruturas	456.4530.227.01	638,73 €	63,87 €
2027	LOTE 2	Centro Príncipe Felipe	232.2312.227.01	297.753,20 €	28.007,02 €
		Centro de Vacacións A Lanzada	233.3370.227.01	9.934,48 €	934,45 €
	LOTE 3	Museo de Pontevedra	333.3330.227.01	639.910,63 €	60.629,85 €
		Arquivo Provincial	332.3322.227.01	1.490,41 €	141,21 €
	LOTE 4	Cooperación	942.4330.227.01	14.815,55 €	1.481,56 €
		Cooperación - CAS	942.4331.227.01	13.538,09 €	1.353,81 €
		Finca Mouriscade	410.4120.227.01	1.277,45 €	127,75 €
		Estación Fitopatolóxica Areeiro	413.4123.227.01	1.277,45 €	127,75 €
		Centro Operativo Infraestruturas	456.4530.227.01	1.277,45 €	127,75 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2027 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.”



Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a aprobación da primeira prórroga dos lotes 2, 3 e 4 do contrato de servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación, asinada con data 17 de xullo de 2026 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e con data 20 de xullo de 2026 polo Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación.

O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación da primeira prórroga dos lotes 2, 3 e 4 do contrato de servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

3. ***Aprobación inicial da ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no Centro de Vacacións A Lanzada para organización de actividades de interese social. (Exptes.- 2026057536 - 2024001215).***

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial da ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no Centro de Vacacións A Lanzada para organización de actividades de interese social, asinada con data 17 de xullo de 2026 pola Xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico e con data 20 de xullo de 2026 polo Deputado Delegado da área de Reto Demográfico, Xuventude e Desenvolvemento Rural e Cultura, cuxo contido é o seguinte:

- **“ANTECEDENTES:**



Primeiro. A Deputación de Pontevedra ostenta a propiedade Centro Vacacional A Lanzada (en diante, C. V. A Lanzada) desde o ano 1.964, e desde entón tivo distintas finalidades, chegando a converterse en 1.976 nun complexo de vacacións con usos e contido similares aos actuais, manténdose ao longo da súa historia un marcado fin social.

O C.V. A Lanzada é un ben de dominio público no que se prestan distintos servizos á cidadanía, e que ten por finalidade fomentar a educación en valores, a práctica deportiva e a convivencia, así como defender e fomentar o respecto polo medio ambiente e promover a utilización racional de todos os recursos naturais.

Segundo. A actividade principal do centro é a celebración dos “Campamentos de Verán”, na que se ofertan 1.540 prazas distribuídas en 11 quendas entre os meses de xuño e setembro de cada ano, dirixidas a nenas e nenos de entre 8 e 13 anos de idade empadroados na provincia.

Fóra do período estival, ao longo do ano, recíbense distintas solicitudes para desenvolver actividades de distinto tipo, aplicándose para a súa tramitación o Acordo regulador do prezo público, coas tarifas recollidas no seu Anexo 1, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 26 de novembro de 2021, publicado no BOPPO número 233 de 1 de decembro de 2021.

No obstante, ata a data, non existise un instrumento normativo regulador das condicións do uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no C.V. A Lanzada, sendo necesaria a súa regulación ao tratarse dun ben de dominio público.

Terceiro. En base ao anterior, o deputado delegado de Reto Demográfico, Xuventude e Desenvolvemento Rural e Cultura, acordou con data 20 de febreiro de 2024 (CSV: XC1IQ0G8F91YISIP, o inicio do expediente para a tramitación da Ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no C.V. A Lanzada para a organización de actividades de interese social.

Cuarto.- Segundo o establecido no artigo 133 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o expediente foi sometido a consulta pública previa dende o 26 de febreiro de 2024 ata o 18 de marzo de 2024, sen que se tivese presentado ningunha alegación.

Quinto. O C. V. A Lanzada é un ben de dominio público, por estar afectado a un uso ou servizo público. En consecuencia, de acordo co establecido na normativa patrimonial aplicable aos bens de dominio público, o acceso e a utilización temporal das instalacións do C. V. A Lanzada por persoas ou entidades alleas á programación propia da Deputación de Pontevedra requirirá a correspondente autorización administrativa, que terá carácter temporal, precario e condicionado á dispoñibilidade efectiva do centro.

A autorización para o uso destes espazos é unha decisión discrecional que deberá supeditarse a criterios de minimización do uso privado fronte ao público, debendo prevalecer, nos casos de conflito, a utilización pública do devandito espazo e o interese xeral da cidadanía.



Sexto. Por todo o anterior, resulta necesario regular as condicións de acceso, uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no C.V. A Lanzada, así como o procedemento para a tramitación das solicitudes.

Así mesmo, con data 12 de xuño de 2026 (CSV): LY45DF7F4BBTS3FE, acordou o inicio do expediente para a tramitación da modificación das tarifas do prezo público, previa elaboración dunha memoria económica que o xustifique, que estase a tramitar de xeito paralelo que se será obxecto de súa aprobación pola Xunta de Goberno (Expte. 2026041797)

Sétimo. Con data 23 de xuño de 2026 Intervención emite informe favorable á modificación do prezo público polos servizos que se prestan no C.V de A Lanzada.

Así mesmo, con data 23 de xuño de 2026, Intervención emite dilixencia de conformidade respecto da proposta de aprobación da Ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no Centro Vacacional A Lanzada para a organización de actividades de interese social, indicando que "(...) A ordenanza proxectada non aproba por si mesma tarifas, liquidacións, recoñecementos de dereitos ou obrigas de contido económico, nin comporta directamente a realización de gastos, ingresos, pagamentos ou movementos de fondos ou valores públicos, polo que non se atopa suxeita á fiscalización previa da Intervención prevista para os actos de xestión económico orzamentaria. Todo iso sen prexuízo de que os actos de execución que se diten ao abeiro da ordenanza e que teñan contido económico, así como o expediente de aprobación ou modificación dos prezos públicos polos servizos que se presten no Centro Vacacional A Lanzada, deban someterse ao réxime de control interno que resulte aplicable(...)".

Oitavo. - Con data 13 de xullo de 2026, Secretaría Xeral emite informe favorable en exercicio da función de asesoramento legal preceptivo, coa seguintes observacións:

"(...) - Artigo 28 (Póliza de seguros): Tendo en conta a elevada capacidade de aloxamento do Centro Vacacional A Lanzada e que os destinatarios principais das actividades son, entre outros, colectivos de especial protección (menores de idade ou persoas en situación de vulnerabilidade), a fixación dun límite de tan só 150.000 € semella insuficiente. por razóns de estrita seguridade xurídica, proponse emendar este artigo elevando o límite mínimo ou ben redactar a cláusula de xeito aberto para que o capital esixible se determine en cada resolución de autorización ou convocatoria en atención ao número concreto de prazas e duración da estadía. Artigo 9 (forma e lugar de presentación das solicitudes): este artigo establece a obriga xenérica e sen excepcións de presentar as solicitudes exclusivamente por medios electrónicos, prevendo mesmo o requirimento de emenda do art. 68.4 da LPACAP en caso de presentación presencial.



Non obstante, esta esixencia entra en conflito co réxime de suxeitos obrigados do art. 14 da LPACAP, ao analizar a definición que a propia ordenanza fai dos “grupos informais”. O texto define estes grupos como un “conxunto de persoas sen personalidade xurídica”, cuxa representación recae nunha “persoa física”. De conformidade co art. 14.1 da LPACAP, as persoas físicas teñen o dereito de elixir en calquera momento o medio (electrónico ou non) para relacionarse coas administracións públicas. Aínda que o art. 14.3 permite ás administracións establecer a obriga de relación electrónica mediante regulamento para determinados procedementos, dita potestade está estritamente vinculada a que os colectivos afectados “por razón da súa capacidade económica, técnica, dedicación profesional ou outros motivos quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios”. A imposición da vía electrónica aos grupos informais carece da necesaria xustificación motivada no expediente que acredite dita capacidade técnica ou económica. Por razóns de estrita legalidade, propónse modificar o art. 9 da ordenanza para introducir unha salvagarda expresa para as persoas físicas e os grupos informais sen personalidade xurídica, recoñecendo o seu dereito a presentar a solicitude de xeito presencial conforme o art. 14.1 da LPACAP, ou que o servizo xestor incorpore un informe técnico que fundamente e motive de xeito inequívoco, en base ao art. 14.3 da LPACAP, a viabilidade de esixirlles a obriga electrónica (...).”

Noveno. - *En consecuencia, procédese a modificar o texto da Ordenanza proposta, en particular os artigos 9 e 28, incorporando as observacións reflectidas no informe emitido por Secretaría Xeral.*

- **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

Réxime xurídico

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).*

Competencia para resolver

- *De conformidade co establecido no artigo 33.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), corresponde ao Pleno a aprobación das Ordenanzas.*

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes sinalados, o Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ACORDA:

Primeiro. - *Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos*



vinculados á estadía no C.V. A Lanzada para a organización de actividades de interese social, cuxo texto íntegro se recolle a continuación:

“ORDENANZA REGULADORA DAS CONDICIÓNS DE ACCESO, USO TEMPORAL DAS INSTALACIÓNS, UTILIZACIÓN DE EQUIPAMENTOS E PRESTACIÓN DE SERVIZOS VINCULADOS Á ESTADÍA NO CENTRO VACACIONAL A LANZADA PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE SOCIAL (EXPEDIENTE 2024001215)

PREÁMBULO

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Descrición do centro

Artigo 3. Natureza do Centro Vacacional A Lanzada

Artigo 4. Réxime xurídico

TÍTULO II. ACCESO, USO TEMPORAL DAS INSTALACIÓNS E PRESTACIÓN DE SERVIZOS VINCULADOS Á ESTADÍA

Capítulo I. Das instalacións e a súa xestión

Artigo 5. Ámbito de aplicación

Artigo 6. Calendario de usos

Artigo 7. Xestión do uso

Capítulo II. Do ámbito subxectivo

Artigo 8. Suxeito responsable e persoas usuarias

Capítulo III. Do procedemento de concesión

Artigo 9. Forma e lugar de presentación de solicitudes

Artigo 10. Prazo de presentación de solicitudes

Artigo 11. Documentación complementaria

Artigo 12. Comprobación de datos

Artigo 13. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes



Artigo 14. Criterios de valoración

Artigo 15. Instrución e valoración

Artigo 16. Resolución

Artigo 17. Contido da resolución

Artigo 18. Formalización e requisitos previos ao uso das instalacións

Artigo 19. Protección de datos de carácter persoal

Artigo 20. Réxime de recursos

Capítulo IV. Condicións xerais de uso e dereitos e obrigas das persoas usuarias

Artigo 21. Usos permitidos nas instalacións

Artigo 22. Usos prohibidos

Artigo 23. Obrigas das persoas usuarias

Artigo 24. Dereitos das persoas usuarias

Artigo 25. Suspensión ou revogación unilateral da autorización de uso

Artigo 26. Causas de extinción da autorización de acceso e uso temporal

Artigo 27. Comprobación de uso

Artigo 28. Póliza de seguros

TÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS

Artigo 29. Prezos públicos

TÍTULO IV. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 30. Infraccións

Artigo 31. Responsables das infraccións

Artigo 32. Sancións

Artigo 33. Gradación da sanción e reparación do dano causado

Artigo 34. Procedemento

Artigo 35. Prescrición de infraccións e sancións

TÍTULO V. COOPERACIÓN E COLABORACIÓN

Artigo 36. Cooperación e colaboración



DISPOSICIÓN FINAIS

Disposición final primeira. Desenvolvemento da orde

Disposición final segunda. Entrada en vigor

PREÁMBULO

A historia do actual Centro Vacacional A Lanzada (en diante, C. V. A Lanzada) remóntase ao ano 1925, coa celebración no mes de outubro do I Congreso Antituberculoso de España, que tivo lugar no Gran Hotel Balneario Illa da Toxa, no que Miguel Gil Casares, doutor en Medicina e catedrático, após realizar diversos estudos científicos sobre as propiedades terapéuticas das costas galegas, fundamentou que o mellor lugar para situar un sanatorio de atención e coidado a pacientes con tuberculose era a praia da Lanzada.

Grazas ao seu empeño acadouse un acordo para a construción do centro nos terreos cedidos polo Concello do Grove, que levaría o nome de Sanatorio Marítimo Príncipe de Asturias e estaría baixo a xestión do Padroado do que o propio doutor Gil Casares foi o seu primeiro presidente.

O 29 de xuño de 1933, o Padroado, que pasou a denominarse Padroado do Sanatorio Marítimo Gil Casares, ante a imposibilidade económica de continuar co proxecto, cédelle á Deputación de Pontevedra os terreos, dependencias e demais dereitos e obrigas, e o 28 de agosto de 1935 a institución provincial aproba o regulamento do sanatorio.

En 1951 a Deputación de Pontevedra solicítalle ao Concello do Grove 5.000 metros de terreo situados sobre a praia da Lanzada para proceder a unha nova ampliación, que se fixo efectiva dous anos máis tarde, cando o concello accede á devandita petición e cede a superficie solicitada a cambio de mellorar os accesos e camiños da zona.

O centro continuou sendo sanatorio ata 1958, data na que as persoas enfermas de tuberculose foron trasladadas aos sanatorios de Oza e San Rafael. Foi entón cando por primeira vez se decretou o traslado das nenas e nenos do Fogar Provincial ao centro, para que pasasen alí as súas vacacións de verán.

Posteriormente, o complexo albergou un colexio para persoas xordomudas.



En 1964, tras alcanzar un novo acordo co Concello do Grove, a Deputación adquire a propiedade do centro, no cal realiza novas obras de adaptación e acondicionamento da contorna.

O centro continuou acollendo o colexio para persoas xordomudas ata 1976, cando este se integrou no complexo da Cidade Infantil Príncipe Felipe. A partir de entón, o da Lanzada pasou a ser un centro de vacacións de verán para as nenas e nenos da institución.

Co paso do tempo, a Deputación de Pontevedra foi ampliando os usos do recinto ao alumnado dos colexios do interior, ata chegar a estar aberto a todos os públicos. Cómpre salientar que, ao longo da súa historia e ata a actualidade, os distintos usos dados ao centro sempre tiveron un marcado carácter social.

A actividade principal do centro desde os anos 80 son os campamentos de verán, dirixidos a nenas e nenos de 8 a 13 anos empadroados na provincia de Pontevedra. Na actualidade, o programa desenvólvese entre os meses de xuño e setembro, distribuído en 11 quendas. Ofértanse un total de 1.540 prazas, das cales 210 son gratuítas e están reservadas para menores en risco de exclusión social, mantendo así o fin social do centro.

Ademais desta actividade, organizada pola Deputación de Pontevedra, cada ano recíbense solicitudes para desenvolver no C. V. A Lanzada actividades de distinto tipo, entre outras, deportivas, culturais, académicas, sociais, ambientais ou formativas. Dada a diversidade de persoas e entidades solicitantes e das finalidades para as que se require a utilización do centro, resulta necesario regular as condicións de acceso, organización, funcionamento, utilización dos equipamentos comúns e prestación dos servizos vinculados á estadía, co fin de satisfacer as demandas da cidadanía, en particular da mocidade, dos municipios, das entidades sociais, das asociacións e dos colectivos con sede social na provincia.

De conformidade co establecido nos artigos 79 e 80 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 263 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o C. V. A Lanzada é un ben de dominio público, por estar afectado a un uso ou servizo público. En consecuencia, o acceso e a utilización temporal das súas instalacións polas persoas ou entidades solicitantes requiren a correspondente autorización administrativa, como título habilitante necesario para ordenar o acceso, garantir a conservación das instalacións, compatibilizar os usos



solicitados coa programación propia da Deputación e asegurar a adecuada prestación dos servizos vinculados á estadía.

Esta autorización non lle atribúe á persoa ou entidade autorizada un dereito permanente, exclusivo ou autónomo sobre o ben nin altera a afectación pública do centro, senón que habilita temporalmente o acceso e a utilización dos espazos e equipamentos necesarios para desenvolver a actividade autorizada nos termos establecidos nesta ordenanza e na resolución correspondente.

Ata o momento non existe un instrumento normativo propio que regule de forma integrada as condicións de acceso ao C. V. A Lanzada, a utilización temporal dos seus espazos e equipamentos comúns e a prestación dos servizos vinculados a cada estadía ou actividade autorizada; unicamente están aprobadas as tarifas polos servizos que se prestan no centro, mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 13.31016 do 26 de novembro de 2021 publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 233 do 1 de decembro de 2021.

De conformidade co establecido no artigo 84.1 da LRBRL, as entidades locais poderán intervir a actividade da cidadanía a través de ordenanzas.

Esta figura é un instrumento xurídico adecuado e necesario para regular as condicións de uso do C. V. A Lanzada, esencial para ordenar as relacións de convivencia e pautas de comportamento entre a Administración e as persoas usuarias da instalación.

En consecuencia, de acordo co exposto e no uso das competencias atribuídas polo artigo 36.1.d da LRBRL e da demais normativa aplicable, procede tramitar o expediente para a aprobación da Ordenanza reguladora das condicións de uso do C. V. A Lanzada, cuxo texto é o seguinte:

TÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto



O obxecto desta ordenanza é regular as condicións de acceso ao C. V. A Lanzada, a utilización temporal das súas instalacións e equipamentos comúns e a prestación dos servizos vinculados á estadía e ao desenvolvemento de actividades de interese social, cultural, educativo, deportivo, ambiental ou de natureza análoga.

Así mesmo, esta ordenanza regula o procedemento de presentación, instrución e resolución das solicitudes, as condicións de organización e funcionamento das actividades autorizadas, os dereitos e as obrigas das persoas usuarias e o réxime aplicable aos prezos públicos que correspondan polos servizos prestados pola Deputación de Pontevedra.

A regulación contida nesta ordenanza non será aplicable ás actividades que se realicen no establecemento hoteleiro A Pousada.

Artigo 2. Descrición do centro

O C. V. A Lanzada atópase situado no termo municipal do Grove, na estrada PO-317, de San Vicente do Mar, núm. 21.

A parcela do conxunto (núm. 36022A020002350000EG) conta cunha superficie catastral total de 106.537 metros cadrados.

A superficie alberga as seguintes zonas e edificacións susceptibles de cesión de uso temporal:

- *Zona de acampada*
- *Zona de bungalós*
- *Cociña e comedor interior*
- *Comedor exterior*
- *Zona de aseos*
- *Anfiteatro*
- *Zona de xogos e deportes*
- *Zonas verdes*

A descrición destas dependencias e espazos recóllense no anexo I.

Artigo 3. Natureza do Centro Vacacional A Lanzada

O C. V. A Lanzada é un ben de dominio público, titularidade desta Administración, no que se lle prestan distintos servizos á cidadanía e que ten por finalidade fomentar usos caracterizados pola realización de actividades que promovan a educación en valores, a práctica deportiva e a convivencia, así como defender e impulsar o respecto polo medio e fomentar a utilización racional de todos os recursos naturais.



Artigo 4. Réxime xurídico

De acordo co establecido na normativa patrimonial aplicable aos bens de dominio público, o acceso e a utilización temporal das instalacións do C. V. A Lanzada por persoas ou entidades alleas á programación propia da Deputación de Pontevedra requirirá a correspondente autorización administrativa, que terá carácter temporal, precario e condicionado á dispoñibilidade efectiva do centro.

A autorización terá a finalidade de ordenar o acceso ao centro, compatibilizar a actividade solicitada cos usos propios da Deputación, garantir a conservación e seguridade das instalacións e facer posible a prestación dos servizos vinculados á—estadía e ao desenvolvemento da actividade autorizada.

En ningún caso suporá a desafectación do ben, a atribución dun dereito permanente sobre este nin a prevalencia do uso autorizado fronte ás necesidades públicas ou institucionais da Deputación.

A contraprestación económica que, no seu caso, lles corresponda satisfacer ás persoas ou entidades usuarias terá a natureza de prezo público polos servizos e actividades prestados pola Deputación no marco desta ordenanza, nos termos previstos no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A autorización para o uso destes espazos é unha decisión discrecional, que supón a utilización especial dun espazo público, polo que esta deberá supeditarse a criterios de minimización do uso privado fronte ao público, e para o que prevalecerá, en caso de conflito, a utilización pública do devandito espazo e o interese xeral da cidadanía.

TÍTULO II

ACCESO, USO TEMPORAL DAS INSTALACIÓNS E PRESTACIÓN DE SERVIZOS VINCULADOS Á ESTADÍA

CAPÍTULO I. DAS INSTALACIÓNS E A SÚA XESTIÓN

Artigo 5. Ámbito de aplicación

A autorización temporal permitirá o acceso e a utilización dos espazos e equipamentos do C. V. A Lanzada que resulten necesarios para o desenvolvemento da actividade autorizada, así como a prestación dos servizos ordinarios vinculados á estadía, á apertura e ao peche das instalacións, á coordinación dos usos, á información ás persoas usuarias, á supervisión xeral do funcionamento do centro e ao mantemento ordinario dos espazos utilizados.



Con carácter xeral, poderán comprenderse na autorización a contorna natural da propiedade, os vestiarios e as zonas exteriores, incluído o anfiteatro, a zona de xogos e deportes e o comedor exterior. Ademais, cando a actividade o requira e exista dispoñibilidade, poderá autorizarse a utilización dos seguintes espazos ou equipamentos:

- **Cociña:** restrinxida a profesionais do sector alimentario, debido ao seu equipamento industrial. O público xeral non poderá utilizar os equipos profesionais nin o material inventariado.
- **Comedor interior.**
- **Bungalós.**

- **Zona de acampada e tendas:** ao tratarse dun equipamento específico para o campamento de verán, unicamente poderá ser obxecto de cesión en caso de que medien circunstancias excepcionais e especiais que motiven que o seu uso sexa imprescindible para o desenvolvemento da actividade solicitada.

O uso total ou parcial das instalacións poderá ser limitado ou suspendido nos supostos dun peche temporal destas pola realización de obras, tarefas de mantemento e reparación, razóns meteorolóxicas ou porque resulte necesario reservar os espazos para usos propios da Deputación de Pontevedra e os seus centros dependentes.

Artigo 6. Calendario de usos

Con carácter xeral, as instalacións poderán ser utilizadas ao longo de todo o ano, coas seguintes limitacións:

- a) *Non se autorizará o acceso nin a utilización temporal das instalacións para actividades alleas á programación propia da Deputación entre o 15 de xuño e o 10 de setembro nin entre o 23 de decembro e o 7 de xaneiro.*
- b) *Cada solicitude de cesión de uso terá unha duración máxima de 7 días naturais, que poderán ser consecutivos ou non.*
- c) *Non se autorizará o uso por tempo superior a 10 días naturais ao ano para unha mesma persoa ou entidade solicitante, con independencia do número de solicitudes presentadas.*

As actividades que soliciten os concellos da provincia para levar a cabo obradoiros de emprego, prácticas de ciclos medios e superiores ou calquera outra actividade cuxa finalidade sexa a formación regrada non estarán afectadas polas limitacións anteriores. Nestes casos, a cesión de uso terá a duración que sexa necesaria para completar a formación, agás no período indicado no apartado a).

Artigo 7. Xestión do uso



A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, será a responsable de tramitar as solicitudes de acceso e utilización temporal das instalacións, así como de coordinar a prestación dos servizos vinculados á estadía e ao desenvolvemento das actividades autorizadas.

As funcións de xestión comprenderán, entre outras, a comprobación da dispoñibilidade dos espazos, a coordinación con outros usos compatibles, a supervisión xeral do desenvolvemento das actividades, a información ás persoas usuarias, a entrega e recollida de chaves cando proceda, a verificación do estado das instalacións e a adopción das medidas necesarias para garantir o correcto funcionamento do centro.

Na tramitación das autorizacións de uso das instalacións solicitadas, terase en conta tanto a dispoñibilidade destas como a súa posible compatibilidade con outros usos ou actividades simultáneas.

CAPÍTULO II. DO ÁMBITO SUBXECTIVO

Artigo 8. Suxeito responsable e persoas usuarias

Poderán solicitar o uso das instalacións:

- a) As corporacións locais.*
- b) As asociacións xuvenís.*
- c) Outras asociacións ou entidades públicas ou privadas que realicen actividades de utilidade pública ou interese social.*
- d) Os grupos informais.*
- e) Calquera outra persoa xurídica, sempre que a actividade para desenvolver presente unha utilidade pública ou un interese social.*

Para os efectos desta ordenanza, entenderase por:

- Persoa usuaria do C. V. A Lanzada: calquera persoa física ou xurídica que acceda aos seus espazos para realizar as actividades autorizadas.*
- Grupo informal: conxunto integrado por un mínimo de tres e un máximo de oito persoas sen personalidade xurídica e sen ánimo de lucro, formado para organizar actividades dirixidas á mocidade cun claro interese social.*
- Persoa responsable directa da actividade autorizada: a persoa xurídica solicitante e, no seu caso, a persoa física que acredite a representación desta.*
No caso de grupos informais, será a persoa designada como representante, que terá poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como destinatario, lle corresponden ao grupo e, en consecuencia, a todas as persoas que o integran.



As entidades e persoas solicitantes deberán cubrir no formulario de solicitude o apartado onde indiquen de forma expresa que se atopan ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e coa institución provincial.

CAPÍTULO III. DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Artigo 9. Forma e lugar de presentación de solicitudes

O procedemento iníciase pola solicitude da persoa interesada mediante a presentación do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

No caso de persoas xurídicas ou persoas físicas obrigadas e relacionarse electrónicamente, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, de acordo co disposto no artigo 14 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Cando se trate de persoas físicas e grupos informais, segundo o establecido no artigo 14.1 da LPACAP, poderán presentar a súa solicitude de xeito presencial.

De conformidade co artigo 68.4 da LPACAP, se algunha das persoas interesadas presentase a súa solicitude presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.

A presentación da solicitude supón a aceptación expresa das condicións de uso establecidas nesta ordenanza.

Artigo 10. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes deberán presentarse cunha antelación mínima dun mes respecto á data de inicio da actividade para a que se solicita o uso.

O incumprimento deste requisito supón a inadmisión a trámite da solicitude, salvo que concorra unha causa de forza maior ou circunstancias imprevistas debidamente xustificadas que impidisen a súa presentación coa antelación requirida. Estas circunstancias valoraranse de forma individualizada polo servizo tramitador.



Artigo 11. Documentación complementaria

Xunto co modelo normalizado de solicitude, deberá achegarse a seguinte documentación:

- Declaración responsable de que a actividade que se vai desenvolver presenta interese público ou social e de que se compromete a respectar en todo momento as obrigas establecidas nesta ordenanza.*
- No seu caso, documentación que acredite a inscrición da entidade solicitante no Rexistro de Entidades Xuvenís da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia, en calquera outro rexistro oficial onde se determine o seu carácter xuvenil ou no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Consellería de Política Social e Xuventude.*

Artigo 12. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- A) NIF da persoa ou entidade solicitante.*
- B) NIF da persoa que actúe en calidade de representante.*
- C) Domicilio fiscal ou certificado de residencia da entidade ou persoa solicitante.*

En caso de oposición ás consultas, deberán indicalo no cadro habilitado para o efecto no formulario de solicitude e presentar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos que correspondan.

Artigo 13. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaránse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, concretamente en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite.

A sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros).



Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos.

Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento de que se trate.

Artigo 14. Criterios de valoración

Os criterios conforme aos cales se valorará a concesión da autorización de uso serán os seguintes:

- a) Dispoñibilidade e non interferencia con actividades propias da Deputación de Pontevedra ou organismos dependentes.*
- b) Prioridade para as corporacións locais da provincia e asociacións xuvenís.*
- c) Interese público ou fin social da actividade proposta, tendo en conta os obxectivos que se pretenden acadar con ela. Deste xeito, terán prioridade as iniciativas destinadas á formación, tanto regrada coma non regrada, e aquelas que teñan un carácter ambiental, social, deportivo ou de ámbito cultural, que fomenten o asociacionismo e a participación activa na sociedade, a solidariedade, o respecto e a igualdade, entre outros.*

En caso de concorrencia de solicitudes para unha mesma data ou período cuxo contido sexa de natureza similar, daráselle prioridade á presentada en primeiro lugar.

Artigo 15. Instrución e valoración

O órgano competente para a ordenación e instrución do procedemento será a Xefatura do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, así como a avaliación das solicitudes presentadas de acordo cos criterios establecidos nos artigos anteriores, en virtude dos cales formulará unha proposta de resolución.

No exercicio das súas funcións, o órgano instrutor poderá solicitar canta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar as solicitudes, así como requirir asistencia técnica doutros servizos da Deputación de Pontevedra, e emitirá un informe técnico no que se analizará se as persoas ou entidades solicitantes reúnen os requisitos establecidos nesta ordenanza, ademais da valoración destas.

Presentada a solicitude, o persoal técnico do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico comprobará o cumprimento dos requisitos establecidos polas entidades ou persoas solicitantes.



Acreditados os requisitos esixidos na presente normativa e comprobada a dispoñibilidade das instalacións solicitadas, elevarase un informe-proposta sobre se procede estimar ou non a solicitude formulada, coa conformidade do deputado delegado de área, para a súa fiscalización pola Intervención provincial con carácter previo á resolución.

Artigo 16. Resolución

As autorizacións de uso deberán resolverse no prazo máximo dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da presentación da solicitude.

En caso de que esta non reunise os requisitos esixidos na presente ordenanza e na LPACAP, este prazo computarase a partir do día seguinte a aquel en que a solicitude fose debidamente emendada.

Transcorrido este prazo sen que se ditase e notificase unha resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo.

As autorizacións outorgaranse exclusivamente para realizar a actividade ou actividades concretas que foron obxecto de solicitude, durante o período e baixo as condicións que se determinen na resolución de autorización.

En todo caso, a resolución de autorización deberá notificárselle á persoa solicitante antes do inicio da actividade. A concesión da autorización é un requisito indispensable para poder utilizar as instalacións.

A eficacia da autorización e a prestación dos servizos vinculados á estadía quedarán condicionadas ao depósito previo ou aboamento do prezo público correspondente, nos termos previstos nesta ordenanza e no acordo de aprobación das tarifas.

Artigo 17. Contido da resolución

A resolución de autorización de uso deberá reflectir, como mínimo:

- *A identificación da entidade beneficiaria, así como da persoa responsable.*
- *As datas e o horario concretos nos que se autoriza o uso das instalacións.*
- *A actividade autorizada, con mención expresa ás zonas, espazos e equipamento da instalación que poderán ser utilizados.*
- *O importe do prezo público que deba aboarse polos servizos vinculados á estadía ou actividade autorizada, indicando o procedemento, o prazo e a forma de pago ou depósito previo.*
- *Unha remisión expresa ás normas xerais de uso e, no seu caso, ás normas específicas que a Deputación puidese establecer en atención ás particularidades do caso concreto.*
- *O compromiso da persoa responsable de utilizar os espazos, equipamentos e servizos autorizados exclusivamente para os fins previstos na solicitude e na resolución, así*



como de devolver as instalacións no mesmo estado e condicións de uso en que fosen recibidas.

- *A obrigación de obter, con carácter previo, cantas licenzas ou permisos sexan legalmente esixibles para realizar a actividade prevista.*
- *A esixencia de formalizar unha póliza de seguros adecuada que cubra os riscos derivados do uso autorizado.*
- *As causas que poderán motivar a revogación unilateral ou extinción da autorización.*

Artigo 18. Formalización e requisitos previos ao uso das instalacións

Unha vez notificada a resolución de autorización, a persoa ou entidade beneficiaria deberá realizar o depósito previo ou aboamento do prezo público correspondente no prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da devandita notificación. Para estes efectos, expedirase o documento de ingreso correspondente, que será notificado xunto coa resolución. O pagamento deberá realizarse na forma e no lugar indicados no documento e, en todo caso, antes do inicio da actividade ou da prestación efectiva dos servizos.

O incumprimento desta obriga dará lugar, logo do trámite de audiencia, á declaración da perda de eficacia da autorización e da imposibilidade de acceder ao centro ou recibir os servizos solicitados, mediante a correspondente resolución.

Cando, por causas non imputables á persoa ou entidade obrigada ao pagamento, os servizos ou a actividade autorizada non cheguen a prestarse ou desenvolverse, procederá a devolución do importe correspondente.

Artigo 19. Protección de datos de carácter persoal

19.1. Os datos persoais recollidos no marco da tramitación do procedemento regulado nesta ordenanza serán tratados pola Deputación Provincial, na súa condición de responsable do tratamento, coa finalidade de instruír, tramitar, resolver, xestionar, controlar e, se é o caso, inspeccionar as autorizacións de uso temporal das instalacións e equipamentos de dominio público provincial, así como para o exercicio das competencias e o cumprimento das obrigas legais que correspondan.

19.2. O tratamento dos datos persoais fundamentarase no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos á Deputación, así como no cumprimento das obrigas legais que resulten de aplicación, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



19.3. Os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas, órganos xudiciais, órganos de control ou demais entidades cando sexa necesario para o exercicio das competencias legalmente atribuídas ou en cumprimento dunha obriga legal.

19.4. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para a tramitación do procedemento e, posteriormente, durante os prazos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo, do patrimonio documental e dos arquivos públicos, así como na restante normativa que resulte de aplicación.

19.5. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e demais dereitos recoñecidos pola normativa vixente en materia de protección de datos, nos termos previstos na mesma.

19.6. A información adicional e detallada sobre o tratamento dos datos persoais, incluída a identificación do responsable do tratamento, os datos de contacto da persoa delegada de protección de datos, as categorías de destinatarios e o exercicio de dereitos, estará dispoñible na sede electrónica da Deputación.

20. Réxime de recursos As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa. Contra elas poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase no prazo dun (1) mes, a partir do día seguinte ao de notificación da resolución (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno.

CAPÍTULO IV. CONDICIÓNS XERAIS DE USO E DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS

Artigo 21. Usos permitidos nas instalacións

Sen prexuízo das actividades organizadas pola Deputación de Pontevedra ou organismos dependentes, permitirase o uso das instalacións para levar a cabo as seguintes actividades:

- Actividades de carácter cultural, social, deportivo ou ambiental.
- Encontros e xornadas de convivencia.
- Cursos, obradoiros e outras accións formativas.



- *Calquera outra actividade de carácter análogo, sempre que teña un claro interese público ou social.*

No caso de entidades con ánimo de lucro, unicamente poderá autorizarse o uso cando concorran circunstancias excepcionais que o xustifiquen e se garanta a compatibilidade coa finalidade pública do uso das instalacións.

Artigo 22. Usos prohibidos

Serán desestimadas aquelas solicitudes de uso que impliquen a realización de actividades incompatibles coa finalidade pública das instalacións, e en particular as seguintes:

- *Aquelas que contraveñan os principios de igualdade e non discriminación das persoas, atenten contra a dignidade humana ou promovan a exclusión ou discriminación por razón de sexo, orixe racial ou étnica, orientación sexual, identidade de xénero, relixión ou crenzas, ideoloxía, idade, discapacidade ou outra condición ou circunstancia persoal ou social.*
- *Comporten un risco para o medio ou poidan ocasionar danos de carácter ambiental.*
- *Teñan un carácter estritamente particular ou privado, tales como celebracións familiares ou de grupos non organizados, incluído aniversarios, bautizos, comuñóns, despedidas de solteiro ou solteira e similares.*
- *Fomenten a práctica de xogos de azar e/ou apostas.*
- *Supoñan o subarrendamento, cesión ou autorización do uso das instalacións a terceiras persoas non autorizadas.*
- *Vulneren a lexislación vixente ou impliquen un uso contrario ao ordenamento xurídico.*

Artigo 23. Obrigas das persoas usuarias

As persoas usuarias do C. V. A Lanzada deberán cumprir as seguintes normas:

1. No momento da súa entrada inicial, a persoa responsable da entidade ou grupo informal deberá identificarse ante o persoal do C. V. A Lanzada. Se a actividade se realiza durante a fin de semana, esta identificación, xunto coa recollida de chaves da instalación, deberá efectuarse en xornada laboral de luns a venres, entre as 9.00 e as 14.00 h, antes do desenvolvemento da actividade.

2. Subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil polos riscos, accidentes e danos derivados das actividades que se vaian levar a cabo nas instalacións cedidas temporalmente e que non teñan a consideración de actividades propias da Deputación de Pontevedra.



3. *Utilizar as instalacións exclusivamente para o fin para o que fosen cedidas, respectando en todo momento os termos e condicións da autorización outorgada.*

4. *Facer un uso correcto e adecuado das instalacións, do mobiliario e do material dispoñible, de modo que ao finalizar a actividade estes elementos se atopen no mesmo estado en que foron recibidos. A entidade autorizada será responsable dos danos ocasionados por negligencia ou mal uso, e deberá indemnizar á Deputación de Pontevedra e/ou a terceiras persoas, se corresponde, sen prexuízo das sancións que puidesen aplicarse.*

5. *Cumprir as normas de capacidade e as condicións de uso establecidas nesta ordenanza, as condicións especiais que poidan fixarse en función da actividade que se vaia desenvolver e as indicacións recollidas na resolución de autorización. Igualmente, deberán seguir as instrucións do persoal responsable do C. V. A Lanzada respecto a calquera outro aspecto non previsto expresamente nas devanditas normas.*

6. *Manter unha actitude cívica e respectuosa tanto co persoal das instalacións coma coas persoas que participen nas actividades autorizadas.*

7. *As persoas usuarias deberán manter en todo momento a limpeza das instalacións e prestarlles especial atención a zonas coma a cociña, o comedor, os baños e os vestiarios. Será a súa responsabilidade asegurarse de que, tras o seu uso, todas as áreas queden en perfecto estado de orde e limpeza. En caso de que as instalacións non queden debidamente limpas tras o seu uso, as persoas usuarias faranse cargo directamente da súa limpeza.*

8. *Permitir en todo momento o exercicio do labor inspector por parte da Deputación e acatar as instrucións do persoal encargado, quen poderá adoptar as medidas necesarias para asegurar un uso adecuado das instalacións.*

9. *Facer constar a colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra na difusión que se realice das actividades autorizadas mediante o uso da súa imaxe corporativa.*

Queda totalmente prohibido en toda a instalación:

- *Fumar.*
- *O consumo de calquera substancia tóxica ou prohibida legalmente.*
- *O consumo de alcol para menores de idade cando coa actividade inclúa a celebración de comidas en grupo na cociña e o comedor.*
- *A entrada con animais de compañía, fóra de cans guía para persoas con discapacidade visual.*

Artigo 24. Dereitos das persoas usuarias

1. *As persoas e entidades usuarias do C. V. A Lanzada teñen dereito a:*

- a) *Acceder ás instalacións en condicións de igualdade, de acordo cos principios democráticos de convivencia, coas normas establecidas na presente ordenanza e*



coas instrucións que no seu desenvolvemento se diten polas autoridades provinciais e o persoal encargado da xestión do centro.

- b) Dispoñer das instalacións, equipamentos e mobiliario en condicións normais de uso, incluídos os servizos de auga, electricidade e gas.*
- c) Utilizar o mobiliario, equipamento e útiles dispoñíbles nas zonas autorizadas. Queda excluído o material específico necesario para o desenvolvemento das actividades organizadas pola entidade ou grupo, cuxa provisión será responsabilidade exclusiva das persoas ou entidades promotoras das devanditas actividades.*
- d) Recibir información actualizada relativa a:*
 - As tarifas en vigor.*
 - O texto da ordenanza de uso vixente.*
 - O calendario de uso.*
 - A axenda de uso do espazo, en caso de que existan solicitudes concorrentes que non resulten incompatibles entre si.*
 - As condicións xerais ou particulares de uso.*
 - As normas de réxime interno da instalación que, no seu caso, se aproben.*
- e) Obter información e asesoramento por parte do persoal sobre o funcionamento das instalacións e materiais dispoñíbles.*
- f) Recibir atención e asistencia por parte do persoal responsable do C. V. A Lanzada ante calquera situación controvertida ou incidencia que poida xurdir.*
- g) Recibir os servizos ordinarios vinculados á estadía ou actividade autorizada, que poderán comprender, segundo os espazos autorizados e as condicións fixadas na resolución, a apertura e o peche das instalacións, a coordinación dos usos, a información e asistencia ordinaria por parte do persoal responsable, a posta a disposición dos equipamentos autorizados, os servizos básicos de auga, electricidade e gas cando proceda, a supervisión xeral do funcionamento da actividade e o mantemento ordinario das instalacións utilizadas.*

2. Quedan expresamente excluídos dos servizos ofrecidos:

- O traslado ou desprazamento ata as instalacións do C. V. A Lanzada, que será asumido pola entidade ou grupo solicitante.*
- Os servizos de restauración ou catering.*

3. A Deputación de Pontevedra non se fai responsable de perdas, subtraccións ou danos materiais sobre pertenzas ou obxectos persoais das persoas usuarias ou material propio necesario para levar a cabo as actividades.

Artigo 25. Suspensión ou revogación unilateral da autorización de uso

As autorizacións de uso de espazos concédense sempre en precario, por un período de tempo determinado e dentro do calendario establecido.

Unha vez autorizado o uso, este poderá ser suspendido ou revogado, no seu caso, polas seguintes causas:

- a) Necesidades debidamente xustificadas por parte da Deputación de Pontevedra.*



- b) Desistencia por parte da entidade ou persoa autorizada.*
- c) Modificación substancial das actividades para as que se concedeu a autorización.*
- d) Realización no espazo de actividades prohibidas, perigosas, molestas ou insalubres.*
- e) Deterioración das instalacións, do mobiliario ou do material público, especialmente cando se causen danos ao medio ou á contorna natural do C. V. A Lanzada.*
- f) Falta de respecto e consideración cara a outras persoas usuarias ou cara ao persoal das instalacións, así como conflitos entre persoas usuarias que imposibiliten a continuación da actividade autorizada.*
- g) Falta do pago do prezo público correspondente.*
- h) Calquera outro incumprimento non recollido de forma expresa, que contraveña as condicións de uso establecidas.*

Tanto a suspensión como a revogación serán acordadas polo órgano competente, logo da audiencia da entidade interesada.

Artigo 26. Causas de extinción da autorización de acceso e uso temporal

A autorización extinguirase polas seguintes causas:

- Vencemento do prazo.*
- Perda física ou xurídica do ben sobre o que se outorgou a autorización.*
- Desafectación do ben ou a súa afectación a un uso ou servizo público.*
- Mutuo acordo.*
- Revogación unilateral da autorización.*
- Resolución xudicial.*
- Renuncia da entidade ou grupo de persoas autorizadas.*
- Extinción da personalidade xurídica da persoa usuaria.*
- Incumprimento grave das obrigas por parte da persoa ou entidade titular da autorización, incluídas as relativas ao uso adecuado das instalacións, ao respecto das condicións da actividade autorizada, á reparación dos danos causados e ao pagamento ou depósito previo do prezo público cando proceda.*
- Interese público, apreciado pola Deputación de Pontevedra, para poder dispoñer e destinar o uso das instalacións a outros fins.*

Artigo 27. Comprobación de uso

Unha vez finalizada a actividade, as persoas usuarias comunicaranlle á Deputación esta circunstancia para que se practiquen cantas comprobacións se consideren oportunas para os efectos do cumprimento das obrigas das persoas usuarias establecidas nesta ordenanza e demais lexislación vixente.

No caso de que se comprobe a existencia de danos e perdas, esixiranse as responsabilidades pertinentes.



Artigo 28. Póliza de seguros

A Deputación de Pontevedra non responderá de ningún tipo de danos producidos con motivo da actividades desenvolvidas no inmovible, e a persoa usuaria asumirá expresamente a responsabilidade dos riscos que poidan derivarse da súa ocupación, así como a de indemnizar cantos danos e prexuízos puidese causarlles ao propio local ou persoas del dependentes e/ou a terceiras persoas no uso e gozo do local, eximindo expresamente a Deputación de Pontevedra de calquera tipo de responsabilidade.

A persoa usuaria deberá ter contratado un seguro de responsabilidade civil mediante o que queden cubertos os danos persoais e materiais e os prexuízos patrimoniais derivados dos devanditos danos causados a terceiras persoas, incluídos os danos causados ao propio espazo, no exercicio da súa actividade. Este seguro de responsabilidade civil terá o límite de indemnización que se fixe de xeito individual en cada unha das resolucións que se diten en atención ao número concreto de prazas e duración da estadía.

Así mesmo, a persoa usuaria comprométese a:

- Soportar, en caso de sinistro, calquera diferenza que poida xurdir no pago das indemnizacións, xa sexa por aplicación de franquías ou por descubrimento de cobertura nos seguros contratados.*
- Reparar os danos e responder por aqueles riscos que lle corresponden pero que non estean asegurados pola póliza, a fin de levar a bo termo as obrigas e responsabilidades establecidas nesta ordenanza, na resolución de autorización e no réxime aplicable aos servizos prestados no C. V. A Lanzada.*

TÍTULO III

PREZOS PÚBLICOS

Artigo 29. Prezos públicos

Os prezos públicos correspondentes aos servizos e ás actividades prestados pola Deputación de Pontevedra no C. V. A Lanzada serán aprobados ou modificados polo órgano competente, de conformidade co disposto nos artigos 41 a 47 e 148 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e co acordo plenario de delegación que, no seu caso, resulte aplicable.

TÍTULO IV

RÉXIME SANCIONADOR



Artigo 30. Infraccións

1. *Constitúen infraccións administrativas as accións e omisións tipificadas como tales no presente título.*

2. *As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, de conformidade co establecido neste precepto.*

A) Son infraccións moi graves:

a) *As accións que prexudiquen gravemente ou supoñan riscos graves para a seguridade e saúde das persoas usuarias e traballadoras das instalacións.*

b) *O impedimento ou a obstrución grave e relevante do funcionamento do uso público que se presta no C. V. A Lanzada.*

c) *A realización de obras, traballos ou outras actuacións non autorizadas, cando produzan alteracións irreversibles nas instalacións.*

d) *As accións que impliquen unha deterioración moi grave ou irreversible nos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos interiores ou exteriores do centro. Considérase deterioración moi grave a que supere a cantidade de 7.500,01 €.*

e) *A realización de traballos ou outras actuacións non autorizadas ou que danen gravemente o medio natural ou atenten contra o medio ambiente.*

f) *A transmisión ou cesión do uso das instalacións a terceiras persoas sen a autorización expresa da Deputación de Pontevedra.*

g) *As agresións físicas, rifas ou faltas de respecto moi graves ás e aos traballadores das instalacións e demais usuarios do C. V. A Lanzada.*

h) *Os actos que prexudiquen gravemente a imaxe do C. V. A Lanzada.*

i) *O incumprimento das ordes ou requirimentos formulados polas autoridades provinciais ou polo persoal responsable en directa aplicación desta ordenanza ou da normativa aplicable, cando este requirimento derive de calquera dos actos definidos neste artigo.*

k) *A reiteración de 3 faltas graves no termo dun ano.*

B) Son infraccións graves:

a) *As accións que prexudiquen ou supoñan riscos para a seguridade e saúde das e dos usuarios ou traballadores das instalacións.*

b) *Causar perturbacións ao normal funcionamento do uso público que se presta no C. V. A Lanzada.*



c) O incumprimento das condicións de uso dos espazos do centro, coma o exceso de capacidade ou a utilización de instalacións non autorizadas.

d) A comisión de actos que supoñan unha perturbación da salubridade e ornato público.

e) As accións que impliquen unha deterioración grave nos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos interiores ou exteriores do centro. Considérase deterioración grave a que oscile entre 1.500,01 e 7.500,00 €.

f) A realización de traballos ou outras actuacións que danen o medio natural.

g) Os actos que prexudiquen a imaxe do C. V. A Lanzada.

h) As faltas de respecto verbais ao persoal traballador das instalacións e demais usuarios do C. V. A Lanzada.

i) A reiteración de tres faltas leves no termo dun ano.

C) Son infraccións leves:

a) As cometidas por simple descoido ou negligencia leve que supoñan a vulneración do disposto na presente ordenanza e repercutan na idónea convivencia cidadá e na prestación de servizos e actividades.

b) As accións que impliquen unha deterioración leve dos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos interiores ou exteriores do centro. Considérase deterioración leve a que non exceda os 1.500,00 €.

c) A comisión de calquera das actuacións tipificadas en apartados anteriores cando non teñan a consideración de infraccións graves ou moi graves.

Artigo 31. Responsables das infraccións

Son responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas que realicen as accións ou omisións tipificadas nesta ordenanza. Os suxeitos definidos no artigo 8 responderán solidariamente das infraccións cometidas por calquera dos seus membros integrantes ou persoas autorizadas por eles para o uso das instalacións.

Artigo 32. Sancións

1. As infraccións previstas nesta ordenanza darán lugar á imposición das seguintes sancións:

a) Infraccións leves: multa de 100,00 a 750,00 €.

b) Infraccións graves: multa de 751,00 a 1.500,00 €, coa perda do dereito de volver ser autorizado para o uso de espazos no C. V. A Lanzada durante o prazo dun (1) ano.



c) Infraccións moi graves: expulsión inmediata das instalacións, sen dereito a reintegro do prezo público aboado, multa de 1.501,00 a 3.000,00 € e perda do dereito de volver ser autorizado para o uso de espazos no C. V. A Lanzada durante o prazo de dous (2) anos.

Artigo 33. Gradación da sanción e reparación do dano causado

Para graduar a contía da multa atenderase ao importe dos danos causados, ao valor dos bens ou dereitos afectados, á reiteración por parte da persoa responsable e ao grao de culpabilidade desta, conforme o disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Con independencia das sancións que poidan impoñérselle, a persoa infractora estará obrigada á restitución e reposición dos bens ao seu estado anterior, coa indemnización dos danos irreparables e prexuízos causados.

Artigo 34. Procedemento

O procedemento sancionador axustarase ás disposicións da LPACAP e garantirá en todo caso o dereito de audiencia da persoa interesada.

Respectaranse, en todo caso, os principios xerais da potestade sancionadora previstos na LRXSP.

Artigo 35. Prescrición de infraccións e sancións

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

3. O cómputo destes prazos efectuarase de conformidade co establecido no artigo 30 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

TÍTULO V

COOPERACIÓN E COLABORACIÓN

Artigo 36. Cooperación e colaboración

A Deputación de Pontevedra cooperará na consecución do interese xeral e poderá acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.



A Deputación de Pontevedra promoverá a cooperación con outras administracións públicas e con outras entidades públicas e privadas para impulsar medidas destinadas ao mellor cumprimento das funcións do C. V. A Lanzada.

Para a cooperación con outras administracións públicas utilizaranse as técnicas que se estimen máis adecuadas para o fin perseguido, en virtude do disposto no artigo 144 da LRXSP, e poderanse subscribir os convenios que procedan, en virtude e coas condicións e requisitos establecidos no artigo 47 da mencionada lei.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Disposición final primeira. Desenvolvemento da orde

Facúltase á Presidencia e, no seu nome, á deputada ou deputado delegado para ditar os actos ou instrucións para o desenvolvemento desta ordenanza.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta ordenanza publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e non entrará en vigor ata a súa completa publicación e o transcurso do prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL.

Publicarase, así mesmo, na sección de transparencia do portal corporativo da Deputación de Pontevedra.

Manterá a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.

O que se fai público para o seu coñecemento xeral e demais efectos.”.

Segundo. – *Someter o texto da ordenanza aprobada inicialmente a información pública e audiencia das persoas interesadas para que, durante o prazo de 30 días hábiles, poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.*

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do Ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no C.V. A Lanzada para a organización de actividades de interese



social, entenderase definitivamente aprobada no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

Terceiro. *De conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, que se proceda á publicación do texto íntegro da Ordenanza no BOPPO, na Sede electrónica e na páxina web da Deputación de Pontevedra, e non entrará en vigor ata que transcurra o prazo previsto no artigo 65.2 da citada Lei 7/1985.”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a aprobación inicial da ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no Centro de Vacacións A Lanzada para organización de actividades de interese social, asinada con data 17 de xullo de 2026 pola Xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico e con data 20 de xullo de 2026 polo Deputado Delegado da área de Reto Demográfico, Xuventude e Desenvolvemento Rural e Cultura.

O resultado da votación foi o seguinte:

- 1. Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación inicial da ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no Centro de Vacacións A Lanzada para organización de actividades de interese social, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.



4. Modificación das tarifas do prezo público polos servizos que se prestan no Centro de Vacacións A Lanzada. (Expte.- 2026041797).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta sobre a modificación das tarifas do prezo público polos servizos que se prestan no Centro de Vacacións A Lanzada, asinada con data 13 de xullo de 2026 pola Xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, cuxo contido é o seguinte:

• **“ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:**

Primeiro. O C.V. A Lanzada é un ben de dominio público, titularidade desta Administración, no que se prestan distintos servizos á cidadanía e que ten por finalidade fomentar a educación en valores, a práctica deportiva, a convivencia, así como defender e fomentar o respecto polo medio ambiente, e promover a utilización racional de todos os recursos naturais.

A actividade principal do centro é a celebración dos campamentos de verán, nos que se ofertan 1.540 prazas distribuídas en 11 quendas entre os meses de xuño e setembro de cada ano, dirixidas a nenas e nenos de entre 8 e 13 anos de idade empadroados na provincia. De entre elas, 210 prazas resérvanse a menores en risco de exclusión social, que están exentos do pago do prezo para participar na actividade.

Segundo. Fóra do período estival, recíbense distintas solicitudes para desenvolver no C. V. A Lanzada actividades medioambientais, sociais, culturais, formativas, deportivas, de convivencia e outras de natureza análoga.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra ten interese en abrir o centro á cidadanía, en especial á mocidade e ás entidades con implantación na provincia, mediante a prestación de servizos vinculados á estadía, á utilización temporal dos equipamentos autorizados, á coordinación, supervisión e funcionamento ordinario do centro, nun espazo idóneo para convivir nun contorno natural único.

En base ao anterior o deputado delegado de Reto Demográfico, Xuventude e Desenvolvemento Rural e Cultura, acordou con data 20 de febreiro de 2024 (CSV): XC1IQ0G8F91YISIP, Expte. 2024001215, o inicio do expediente para a tramitación da Ordenanza Reguladora de usos do C.V. A Lanzada.

Terceiro. A Ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadía no centro vacacional a lanzada para a organización de actividades de interese social (EXPEDIENTE 2024001215) atópase en trámite de aprobación, cuxo texto figura no expediente co (CSV): LL0OXS1XU0JW491P.

Cuarto. Na actualidade, as tarifas aplicadas aos servizos que se prestan no C.V. A Lanzada, incluídos os campamentos de verán, foron aprobados por acordo da Xunta de



Goberno, na súa sesión ordinaria do 26 de novembro de 2021, publicado no BOPPO núm. 233, de 1 de decembro de 2021.

No que respecta aos campamentos de verán, en atención ao interese público e social da actividade, fixouse un prezo público deficitario, de xeito que a Deputación subvencionaría, con carácter xeral, o 50 % do custo da praza, sen prexuízo da fixación dun desconto adicional para os supostos de familia numerosa ou establecemento de cota cero en atención ás especiais circunstancias socioeconómicas das familias ou menores.

Debido a este interese público e social mantense o prezo fixado por praza, tanto nas ordinarias como as bonificadas nos casos de familias numerosas ou monoparentais, así como a gratuidade das mesmas nos casos nos que concorran circunstancias socioeconómicas previstas nas bases reguladoras dos campamentos.

Quinto. *Non obstante, coa aprobación da Ordenanza reguladora das condicións de acceso, uso temporal das Instalacións, utilización de equipamentos e prestación de servizos vinculados á estadia no centro vacacional a lanzada para a organización de actividades de interese social é necesario actualizar as tarifas vixentes polos servizos prestados no C. V. A Lanzada fóra da tempada estival, coa finalidade de dinamizar o centro, fomentar a súa apertura á cidadanía, promover actividades de interese social, cultural, educativo, deportivo e ambiental, e optimizar o aproveitamento social das infraestruturas públicas provinciais.*

Para tal efecto elaborouse unha memoria económica, que ten por obxecto xustificar a proposta de prezo público polos servizos prestados no C. V. A Lanzada, tendo en conta os gastos e ingresos do exercicio 2025.

A mesma figura asinada no expediente co (CSV): LJOQS2RY2Y8GTL9L.

Sexto. *Con data 12 de xuño remítese informe proposta a Intervención, que emite informe con data 23 d xuño de 2026 indicando que "(...) De conformidade co artigo 47.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponde ao Pleno da Corporación, sen prexuízo das súas facultades de delegación na Xunta de Goberno.*

Por Acordo plenario de data 30/12/1992 acordouse a delegación da competencia plenaria na Xunta de Goberno (BOP nº 14, 22/01/1993).

"(...) En aplicación do artigo 113.1.e) do ROF, a proposta debe ser obxecto de ditame previo pola Comisión Informativa que corresponda. O acordo de aprobación ou modificación deberá ser obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no portal corporativo para garantir o seu coñecemento xeral, transparencia e correcta aplicación polas persoas ou entidades usuarias (...). "(...) Á vista da documentación incorporada ao expediente, e coas observacións e recomendacións referidas, infórmase favorablemente a proposta de modificación do prezo público polos servizos que se prestan no Centro Vacacional A Lanzada (...)."



Sétimo.- Con data 13 de xullo de 2026, Secretaría Xeral emite informe respecto da proposta de Ordenanza reguladora, incorporando dúas observacións no artigo 9 e 28, que son incorporados na parte resolutiva do seu texto, que figura asinado no expediente co (CSV): 3FC3DLOBZ2CHRQ0H.

De conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a seguinte proposta de acordo ao Ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interior e Facenda, con carácter previo á súa elevación ante a Xunta de Goberno para a súa aprobación.

Á vista dos antecedentes e consideracións técnicas citadas, propónse á Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interior e Facenda:

Primeiro. Ditaminar o expediente e, en consecuencia, elevar á Xunta de Goberno a aprobación dos prezos públicos propostos polos servizos vinculados á estadía, utilización temporal dos equipamentos autorizados, coordinación, supervisión, mantemento ordinario e funcionamento do C. V. A Lanzada son os seguintes, expresados como importes base sen IVE:

1. Zona de acampada:

Actividades non organizadas pola Deputación, sen máis prestación de servizos que a supervisión de montaxe e desmontaxe de tendas:

1.1. Por cada tenda e día 6,00 €

1.2. Por cada persoa e día 2,00 €

2. Zona de bungalós:

2.1. Por cada bungaló e día 21,00 €

2.2. Por cada persoa e día 4,00 €

3. Zonas comúns: comedor interior, cociña e zonas exteriores:

3.1. Pola utilización do comedor interior por grupo, cada día 25,00 €

3.2. Pola utilización da cociña por grupo, cada día 25,00 €

3.3. Pola utilización das zonas exteriores por grupo, cada día 25,00 €

4. Tarifas especiais:

4.1. Aplicarase unha tarifa reducida nos seguintes supostos:

a) Solicitudes presentadas por corporacións locais da provincia de Pontevedra.

b) Solicitudes presentadas por asociacións, incluídas as asociacións xuvenís, entidades sen ánimo de lucro ou outras entidades públicas ou privadas con sede social ou



delegación na provincia de Pontevedra, sempre que a actividade concreta que se pretenda desenvolver teña carácter educativo, cultural, social, deportivo, ambiental, formativo, de convivencia ou outro análogo de utilidade pública ou interese social, e careza de finalidade lucrativa.

Para estes efectos, entenderase que a actividade carece de finalidade lucrativa cando non teña por obxecto xerar beneficio económico para a entidade organizadora, sen prexuízo da percepción de cotas ou achegas destinadas exclusivamente a cubrir os custos da actividade.

Quedan excluídas da tarifa reducida as actividades particulares, comerciais, promocionais, corporativas, empresariais ou profesionais.

4.2. Nestes casos, as tarifas das zonas comúns reduciranse nun 60%, resultando do seguinte xeito:

4.2.1. Pola utilización do comedor interior por grupo, cada día 10,00 €

4.2.2. Pola utilización da cociña por grupo, cada día 10,00 €

4.2.3. Pola utilización das zonas exteriores por grupo, cada día 10,00 €

Sobre os importes anteriores, que teñen a consideración de prezos públicos base sen IVE, repercutirase o imposto sobre o valor engadido ao tipo que resulte aplicable conforme á normativa vixente.

Segundo.- *Unha vez aprobado, proceder á súa publicación no BOPPO, na Sede electrónica e na páxina web da Deputación de Pontevedra .”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta sobre a modificación das tarifas do prezo público polos servizos que se prestan no Centro de Vacacións A Lanzada, asinada con data 13 de xullo de 2026 pola Xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico

O resultado da votación foi o seguinte:

- 1. Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE, e dúas (2) do grupo provincial do BNG.



A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta sobre a modificación das tarifas do prezo público polos servizos que se prestan no Centro de Vacacións A Lanzada, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

5. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 6/2026. (Exptes.- 2026057537– 2026057192).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 6/2026, asinada con data 21 de xullo de 2026 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, cuxo contido é o seguinte:

“O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025008021, de data 3 de outubro de 2025, propón ao Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 06/2026. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 06/26) por importe de 188.030,00 euros, suplementos de créditos (SUP.06/26) por importe de 1.099.767,62 euros e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Resultando que esta Intervención emite informe de data 15 de xuño de 2026, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 06/2026.



O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 06/2026 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 06/26) por importe de 188.030,00 euros e outro de suplementos de créditos (SUP. 06/26) por importe de 1.099.767,62 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1.- Créditos Extraordinarios “EXT. 06/26”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231-2311-789.10	INVESTIMENTOS DE EMERXENCIA A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL_ BENESTAR SOCIAL (Achega a ASOVEDRA, para adquisición dunha planta potabilizadora, axuda emerxencia Venezuela)	15.000,00 €
942-3420-762.45	ACHEGAS AO CONCELLO DE PONTEVEDRA, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (50% do investimento para a renovación do céspede do estadio Pasarón)	173.030,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	188.030,00 €

Financiamento do expediente Crédito Extraordinarios “EXT. 06/26”:

Os Créditos Extraordinarios fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios (EXT. 06/26)...	188.030,00 €
	TOTAL INGRESOS...	188.030,00 €

2.- Suplementos de Créditos “SUP. 06/26”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
232-2312-226.99	GASTOS DIVERSOS -OUTROS _C. PRINCIPE FELIPE (50 aniversario do centro)	60.000,00 €
232-2312-227.99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS -VARIOS _C. PRINCIPE FELIPE (Demolición escaleiras de emerxencia)	21.000,00 €



240-2410-489.06	ACHEGAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO_FOMENTO DE EMPREGO (A Confederación de Empresarios de Pontevedra, "Programa provincial factoría do emprendemento")	50.000,00 €
240-4312-489.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS, ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO_FOMENTO DO EMPREGO (A Federación de Entidades y Empresas del Comercio, "Campaña promocional do Comercio")	11.000,00 €
330-3340-489,05	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES CULTURAIS_CULTURA (Achegas a entidades culturais, detalle Anexo II das bases de execución)	20.500,00 €
333-3341-226.99	GASTOS DIVERSOS, OUTROS BIENAL ARTE_ MUSEO (Poxecto:26_0004 – BIENAL DE PONTEVEDRA 2026-2027)	40.000,00 €
333-3341-227.06	ESTUDIOS E TRABALLOS TECNICOS, BIENAL ARTE_ MUSEO (Poxecto:26_0004 – BIENAL DE PONTEVEDRA 2026-2027)	15.000,00 €
333-3341-227.99	TRABALLOS R. O. EMPRESAS, OUTROS, BIENAL ARTE_ MUSEO (Poxecto:26_0004 – BIENAL DE PONTEVEDRA 2026-2027)	30.000,00 €
340-3410-226,20	GASTOS DE PROMOCIÓN E PATROCINIO - DEPORTES	300.000,00 €
340-3410-789,05	A ENT. SEN FINS DE LUCRO, EQUIP, VEHICULOS REMOLQUES - DEPORTES	500.000,00 €
942-1350-789.10	ACHEGAS PARA INVESTIMENTOS A AGRUPACIÓNS DE PROTECCIÓN CIVIL _COOPERACIÓN (Ampliación de axudas para cubrir a totalidade de solicitudes)	27.267,62 €
942-9431-489,01	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, COOP.TRANSFRONTEIRIZA _COOPERACIÓN (Achega a Orquestra Clásica de Vigo, 3ª edición do programa "Concertos as beiras do Miño").	25.000,00 €
	<i>Total Suplementos de Créditos...</i>	1.099.767,62 €

Financiamento do expediente Suplementos de Créditos "SUP. 06/26":

Os Suplementos de Créditos fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,02	<i>Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Crédito (SUP. 06/26)...</i>	1.099.767,62 €
	<i>TOTAL...</i>	1.099.767,62 €



Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	1.099.767,62 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	188.030,00 €
SUMA...	1.287.797,62 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directo.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	1.287.797,62 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	1.287.797,62 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	1.287.797,62 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	466.000,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	106.500,00 €
Capítulo 6º Inwestimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	715.297,62 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	1.287.797,62 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €



Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...	1.287.797,62 €

3.- Modificación do Anexo II das bases de execución, modificando e engadindo como subvencións nominativas, as seguintes:

231- BENESTAR SOCIAL

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
26/231-2311-789.10	INVESTIMENTOS DE EMERXENCIA A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL_ BENESTAR SOCIAL	15.000,00 €	
G94181351	ASOVEDRA	15.000,00 €	Adquisición dunha planta potabilizadora portátil - Axuda emerxencia Venezuela

240- FOMENTO DE EMPREGO

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
26/240-2410-489.06	ACHEGAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO _FOMENTO DE EMPREGO	145.500,00 €	
G36615219	A Confederación de Empresarios de Pontevedra	50.000,00 €	"Programa provincial factoría do emprendemento"

330_ CULTURA

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
330-3340-489,05	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES CULTURAIS_ CULTURA	1.430.000,00 €	
G-15810039	Federación Galega de Teatro Aficionado (FEGATEA)	8.000,00 €	Desenvolvemento do programa "Ponte Escena",



G-22663579	Asociación Cultural Área Besta	5.000,00 €	Organización do "Área Besta Festival",
G-21755608	Asociación Cultural Beerrinchos	7.500,00 €	Desenvolvemento do programa "Directo Xove"

942- COOPERACIÓN

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
26/942-9431-489,01	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, COOP. TRANSFRONTEIRIZA COOPERACION.	176.500,00 €	
G36688422	ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO	25.000,00 €	3ª edición do programa "Concertos as beiras do Miño"

Onde se establecía:

240- FOMENTO DE EMPREGO

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO INICIAL	Obxecto e finalidade
26/240-4312-489.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS, ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO_ FOMENTO DO EMPREGO	4.000,00 €	
G36911543	FEDERACION DE COMERCIO DE VIGO	4.000,00 €	FINANCIAR A CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN DO COMERCIO LOCAL, QUE BUSCA DINAMIZAR A COMPRA EN ESTABLECEMENTOS FÍSICOS DE PROXIMIDADE EN TODA A PROVINCIA PARA O SEU FOMENTO E IMPULSO ASÍ COMO PARA CONTRIBUÍR Á PERMANENCIA DOS ESTABLECEMENTOS E A XERACIÓN DE ACTIVIDADE EMPRESARIAL ASÍ COMO DE RIQUEZA NO TERRITORIO

Modifícase polo seguinte:

240- FOMENTO DE EMPREGO



APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
26/240-4312-489.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS, ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO_ FOMENTO DO EMPREGO	15.000,00 €	
G36911543	FEDERACION DE ENTIDADES Y EMPRESAS DEL COMERCIO Y SERVICIOS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	15.000,00 €	FINANCIAR A CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN DO COMERCIO LOCAL, QUE BUSCA DINAMIZAR A COMPRA EN ESTABLECEMENTOS FÍSICOS DE PROXIMIDADE EN TODA A PROVINCIA PARA O SEU FOMENTO E IMPULSO ASÍ COMO PARA CONTRIBUÍR Á PERMANENCIA DOS ESTABLECEMENTOS E A XERACIÓN DE ACTIVIDADE EMPRESARIAL ASÍ COMO DE RIQUEZA NO TERRITORIO

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 06/2026 que inclúe créditos extraordinarios (EXT. 06/26) por importe de 188.030,00 euros, suplementos de créditos (SUP.06/26) por importe de 1.099.767,62 euros e as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 06/2026, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.”

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo correspondente á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 6/2026, asinada con data 21 de xullo de 2026 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias.

O resultado da votación foi o seguinte:



1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 6/2026, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

6. Resolución de alegacións e aprobación definitiva da proposición da Presidencia para a modificación da relación de postos de traballo do persoal eventual. (Exptes.- 2026057538 – 2026040781 -2025070722).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a resolución de alegacións e aprobación definitiva da proposición da Presidencia para a modificación da relación de postos de traballo do persoal eventual, asinada con data 13 de xullo de 2026 polo Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación e polo Deputado Delegado de Turismo, Transparencia e Administración Xeral, cuxo contido é o seguinte:

“Resultando que por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial celebrado o 29/05/2026 aprobase unha modificación da relación de postos de traballo de persoal eventual, de confianza e asesoramento especial, de maneira que se transforma un posto de traballo de asesor/a de prensa nun posto de director/a de acción municipal e investimento co obxecto de reforzar e dar maior apoio á área de goberno responsable destas liñas de actuación.

Resultando que dito acordo foi adoptado por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG.

Resultando que no BOPPO nº 103, de data 02/06/2026, publícase o referido acordo plenario, indicándose que dito expediente queda exposto ó público para os efectos de reclamacións, por un período de vinte días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dese anuncio, a fin de que as persoas interesadas lexitimadas puidesen examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimasen oportunas.

Resultando que aprobada inicialmente a referida modificación da RPT, por Resolución do 03/06/2026 procedese ao nomeamento de D. Agustín Regueira Ocampo, como persoal eventual no posto de traballo director/a de acción municipal e investimento, tomando posesión do cargo con efectos do 03/06/2026.



Resultando que mediante escrito presentado na sede electrónica da Deputación Provincial o 18/06/2026, a deputada provincial D^a Ana Laura Iglesias González, na súa condición de Voceira do Grupo Provincial do Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE) na Deputación de Pontevedra, formula alegacións, indicando que con data do 03/06/2026 nomeouse para ese posto de persoal eventual a D. Agustín Regueira Ocampo, incumpríndose todos os prazos administrativos e requisitos establecidos na normativa reguladora, polo que solicita que se ordene a paralización inmediata e cautelar dos efectos económicos e administrativos do nomeamento e toma de posesión, por terse executado de forma ilegal en período de exposición pública, e interesa que se declaren nulas as actuacións, esixindo a devolución dos salarios indebidamente percibidos ata que a modificación da RPT sexa definitiva.

Considerando que o artigo 63.1b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, atribúe lexitimación para impugnar actos e acordos das entidades locais aos membros das corporacións que houbesen votado en contra de tales actos e acordos.

Considerando que os deputados que se absteñan na votación dun acordo plenario non están lexitimados para reclamar ou impugnar dito acto, xa que a lei e doutrina esixen o voto negativo como presuposto indispensable para ostentar a lexitimación activa.

Considerando que tal e como dispón o artigo 104.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e o artigo 8.2 do RDL 5/2015, do 1 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), o persoal eventual realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, e o seu nomeamento e cesamento é libre e corresponde ao alcalde ou ao presidente da entidade local correspondente.

Considerando que dito artigo non aborda expresamente a necesidade de esperar á aprobación definitiva da relación de postos de traballo para proceder ao nomeamento do persoal eventual. Con todo, o persoal eventual caracterízase polo seu nomeamento discrecional e de confianza, o que implica que a súa designación non está condicionada á aprobación definitiva da RPT, senón que pode realizarse conforme a potestade discrecional do órgano competente, sempre que se respecten os límites legais e as funcións propias deste tipo de persoal.

Considerando que o acordo plenario que aproba a creación do posto de director de acción municipal e investimentos con cargo á amortización dun posto de asesor de prensa, é un acto administrativo ditado polo órgano competente, polo que a apertura do prazo de información pública non anula a vontade do Pleno, tan só condiciona a súa eficacia definitiva. De forma que o nomeamento se efectúa baixo a condición suspensiva de que resulte aprobado definitivamente.

Considerando que neste caso non se esixe o rigor dunha praza ou posto de traballo de persoal funcionario ou laboral fixo, ao ser postos de confianza non permanente e ligada



ao mandato da autoridade, no que autorización xurídica nace directamente do acordo plenario e o orzamento.

Considerando que dadas as características deste posto, que xorde da transformación dun posto de traballo xa existente na RPT de persoal eventual, que estivo vacante ao longo do ano, enténdese que non sería necesario agardar á aprobación definitiva desta modificación para nomear o persoal eventual, por canto o seu nomeamento fundaméntase na potestade discrecional e de confianza do órgano competente, e non na aprobación formal e definitiva da RPT.

Considerando que, con carácter xeral, unha aplicación en sentido estrito implicaría ter que esperar 20 días hábiles para proceder ao nomeamento, xusto nun momento no que o órgano de goberno precisa dese apoio inicial para poñerse en funcionamento, de aí que dende esta perspectiva non sexa conveniente entrar nesa dinámica que paralizaría a organización inmediata do gabinete, especialmente cando a decisión plenaria xa fixou os elementos esenciais do posto; razón pola que na maioría dos mandatos corporativos procedese ao nomeamento do persoal eventual coa aprobación inicial da RPT, sen necesidade de ter que demoralalo ata que remate o indicado prazo de alegacións e, no caso de habelas, resolución das mesmas polo Pleno.

Considerando que concretamente no mandato que se iniciou no ano 2015 producíronse nove nomeamento antes da aprobación definitiva que tivo lugar o 24/07/2015, e no actual mandato nomeouse a Dona María Lina Garrido Garrido, con efectos do 01/05/2024, coa aprobación inicial do 26/04/2024, non definitiva.

*Considerando o exposto, O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda **ACORDA:***

- 1. Inadmitir a alegación formulada por D^a Ana Laura Iglesias González, na súa condición de Voceira do Grupo Provincial do Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE) na Deputación de Pontevedra, por falta de lexitimación, ao terse absterido na votación deste asunto e tendo en conta que o citado artigo 63.1 b) da LBRL limita expresamente a lexitimación aos membros da Corporación que votaran en contra.*
- 2. Aprobar definitivamente a proposición da Presidencia relativa á modificación da relación de postos de traballo do persoal eventual, de confianza e asesoramento especial, para transformar un posto de asesor/a de prensa, cunha retribución anual de 48.467,17 euros, nun posto de director/a de acción municipal e investimentos, equivalente a un subgrupo A1, cunha retribución anual de 65.699,95 euros, coa finalidade de reforzar e dar maior apoio ás liñas de actuación que derivan desta área de goberno”*



Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo correspondente á resolución de alegacións e aprobación definitiva da proposición da Presidencia para a modificación da relación de postos de traballo do persoal eventual, asinada con data 13 de xullo de 2026 polo Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación e polo Deputado Delegado de Turismo, Transparencia e Administración Xeral.

O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (6)**, do grupo provincial PSdeG-PSOE.
3. **Abstencións: (2)**, do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a resolución de alegacións e aprobación definitiva da proposición da Presidencia para a modificación da relación de postos de traballo do persoal eventual, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do BNG.

7. Proposición da Presidencia sobre nomeamento de representante desta Deputación na comisión executiva da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes.(Expte.- 2026057524).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta sobre nomeamento de representante desta Deputación na Comisión Executiva da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (Rede DTI), asinada polo Presidente da Deputación de Pontevedra con data 20 de xullo de 2026, cuxo contido é o seguinte:

“PROPOSTA DA PRESIDENCIA SOBRE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DESTA DEPUTACIÓN NA COMISIÓN EXECUTIVA DA REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES



A Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (Rede DTI) no seu Protocolo Xeral de Actuación constitúese como instrumento facilitador da transformación do sector turístico para responder ás novas necesidades de sustentabilidade e accesibilidade a través de novos modelos de gobernanza, a tecnoloxía e a innovación, garantindo calidade, eficiencia e eficacia para todos, turistas e residentes.

Visto que esta Deputación forma parte da Rede DTI en virtude da sinatura, xa inicial, do seu Protocolo Xeral en Madrid a 27/02/2019, previa aprobación de do mesmo por Resolución Presidencial (núm. 2019003243) de data 22/02/2019, e posteriormente coa aprobación do novo protocolo o 13 de xullo de 2023, que manifesta na súa cláusula sétima “Las entidades que en la fecha del presente protocolo ostentaban la condición de miembros de la Red DTI, mantendrán la misma siempre que, cumpliendo los requisitos establecidos en el protocolo se adhieran a él formalmente, en un plazo no superior a dos meses.”, adheríndose formalmente esta Deputación a dito protocolo o 6 de setembro de 2023.

Visto que o 13 de xullo de 2023 tamén se aproba o Regulamento de funcionamento dos órganos de xestión da Rede DTI e no seu Título primeiro régulase o funcionamento da Comisión Executiva.

Visto que actualmente a Deputación de Pontevedra é membro titular da citada Comisión.

Considerando que corresponde ó Pleno a designación de representantes da Corporación en órganos colexiados de conformidade co disposto no art. 58, c) do RD 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Por iso, a Presidencia somete á consideración do Pleno a adopción do seguinte acordo:

- Designar representante desta Deputación na Comisión Executiva da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes ao deputado Jesús Vázquez Almuíña.*
- Dar traslado do presente acordo aos interesados.”*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta sobre nomeamento de representante desta Deputación na Comisión Executiva da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (Rede DTI), asinada polo Presidente da Deputación de Pontevedra con data 20 de xullo de 2026.

O resultado da votación foi o seguinte:



1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta da Presidencia sobre nomeamento de representante da Deputación Provincial de Pontevedra na Comisión Executiva da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (Rede DTI), cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

8. *Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para a anticipación, coordinación e reforzo dos servizos de prevención e emerxencias fronte aos incendios na provincia de Pontevedra. (Expte.- 2026057761).*

A voceira do grupo provincial do PSdeG-PSOE, Dona Ana Laura Iglesias González, presentou o día 21 de xullo de 2026 co número de rexistro WEB2026059869 unha moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para a anticipación, coordinación e reforzo dos servizos de prevención e emerxencias fronte aos incendios na provincia de Pontevedra, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA A ANTICIPACIÓN, COORDINACIÓN E REFORZO DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EMERXENCIAS FRONTE AOS INCENDIOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia afronta un escenario de risco cada vez máis complexo. Os períodos de temperaturas extremas son máis frecuentes e prolongados, a seca afecta o estado da vexetación e o abandono progresivo do territorio rural favorece a acumulación de combustible vexetal arredor das vivendas, dos núcleos de poboación, das estradas e das infraestruturas públicas.

O incremento das zonas de interface urbano-forestal, nas que conviven masas forestais e núcleos habitados, incrementa a complexidade das emerxencias e require unha coordinación cada vez maior entre os servizos de extinción forestal, bombeiros, protección civil e administracións locais.



Segundo os datos da Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET), o verán de 2025 foi o máis cálido da serie histórica en España desde o inicio dos rexistros de referencia, mentres que a primavera de 2026 situouse tamén entre as máis cálidas rexistradas. Ademais, a predición estacional de AEMET para os meses de xullo, agosto e setembro de 2026 apunta a unha elevada probabilidade de temperaturas superiores ás habituais.

Este escenario obriga a abandonar definitivamente un modelo baseado na reacción e a avanzar cara a unha política pública permanente de prevención, anticipación e resposta. Os incendios non se combaten unicamente cando aparecen as lapas. Combátense durante todo o ano xestionando a biomasa, mantendo os accesos, revisando os puntos de auga, formando o persoal, cubrindo as vacantes, coordinando os servizos e garantindo que todos os medios estean plenamente operativos antes de que comece o período de maior risco.

A planificación anticipada é unha condición imprescindible da prevención.

A Xunta de Galicia declarou como período de perigo alto de incendios forestais para 2026 o comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro. Porén, durante os meses de xuño e xullo continuaron publicándose na provincia procesos municipais para seleccionar brigadas forestais e persoas condutoras de vehículos motobomba.

A propia páxina de emprego público da Deputación recolle convocatorias para brigadas en Forcarei o 12 de xuño e nas Neves o 15 de xuño; para condutores de motobomba en Oia o 17 de xuño e en Dozón o 26 de xuño; e para unha brigada forestal en Vilanova de Arousa o 15 de xullo, cando o período de perigo alto xa levaba dúas semanas iniciado.

Isto non significa que todos os convenios se atopasen na mesma situación, pero evidencia que en diversos concellos os procesos de contratación se realizaron demasiado preto do inicio da campaña ou cando esta xa comezara.

A mesma falta de anticipación se observa na convocatoria autonómica de subvencións para a adquisición de vehículos, adaptacións e maquinaria vinculada á prevención de incendios forestais. A orde foi publicada o 15 de xuño de 2026 e establecía que só serían subvencionables os gastos realizados con posterioridade á presentación da solicitude.

Todo indica que unha convocatoria publicada a mediados de xuño dificilmente permite que os concellos tramitasen a axuda, contratasen a subministración, adquirisen a maquinaria e tivesen os novos medios plenamente operativos antes do 1 de xullo.

O inicio do período de maior risco é perfectamente coñecido polas administracións. Por iso, a tramitación de convenios, contratacións ou convocatorias durante os meses de xuño e xullo evidencia unha insuficiente planificación preventiva.

Unha rede de emerxencias que precisa persoal e coordinación.

A prevención forestal e a atención das emerxencias corresponden a servizos e administracións diferentes que deben actuar de maneira coordinada, especialmente



cando un incendio forestal ameaza persoas, vivendas, núcleos de poboación ou infraestruturas.

Nunha incidencia poden intervir o Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais da Xunta, os Grupos de Emerxencias Supramunicipais, os parques comarcais, os servizos municipais, Protección Civil, as forzas de seguridade e os servizos sanitarios.

A eficacia do sistema depende non só da cantidade de medios dispoñibles, senón tamén da súa proximidade, coordinación, formación, capacidade operativa e tempo real de chegada.

O convenio dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais para o período 2025-2027 foi subscrito pola Xunta de Galicia, as catro deputacións provinciais e a Fegamp. A Xunta e a Deputación participan, polo tanto, na planificación, financiamento, coordinación e seguimento destes servizos.

Porén, representantes do persoal e profesionais dos servizos de emerxencias veñen advertindo reiteradamente da existencia de situacións de falta de persoal, dificultades para completar as quendas, bases ou unidades que quedan temporalmente inoperativas e intervencións nas que o recurso máis próximo non pode ser mobilizado por non dispoñer dunha dotación suficiente.

Non pode aceptarse que unha persoa sufra un accidente, teña un incendio na súa vivenda ou vexa ameazada a súa parroquia e que o equipo de emerxencias máis próximo non poida intervir por falta de persoal. Un recurso que figura formalmente no mapa de emerxencias, pero que non dispón da dotación necesaria, non é un recurso realmente operativo.

Estas carencias non poden ser ignoradas nin respondidas exclusivamente con anuncios. A falta de persoal, o peche temporal de bases e a fragmentación do modelo evidencian a necesidade de garantir dotacións suficientes, estabilidade laboral, coordinación e capacidade operativa.

A prevención forestal debe desenvolverse durante todo o ano.

O artigo 48 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, establece que os plans autonómicos anuais de prevención, vixilancia e extinción deben ser aprobados e publicados antes do 31 de outubro do ano anterior e aplicarse de maneira continuada durante todo o ano.

Porén, o PLADIGA 2026 non foi aprobado ata o 13 de abril de 2026. Este atraso reduce a capacidade das administracións para planificar con suficiente antelación a contratación de persoal, a execución dos convenios e a posta en funcionamento dos medios previstos. Non se trata dunha cuestión meramente formal: unha planificación aprobada con este atraso dificulta a tramitación anticipada dos convenios, a selección e formación do persoal, a adquisición de maquinaria e a coordinación previa entre as administracións.



O PLADIGA 2026 anuncia un incremento orzamentario, a contratación de 42 novas brigadas, a ampliación a nove meses do período de actividade do persoal fixo-descontinuo e a incorporación de novos recursos tecnolóxicos.

Estes anuncios deben traducirse en efectivos reais, vacantes cubertas, recursos territorializados e medios plenamente operativos en cada distrito forestal. As funcións estruturais de prevención, vixilancia, silvicultura, xestión de biomasa e mantemento de infraestruturas non poden depender de contratacións estacionais de curta duración nin concentrarse nos meses inmediatamente anteriores ao verán.

Os medios estatais, como a Unidade Militar de Emerxencias ou as brigadas de reforzo, son fundamentais cando unha emerxencia supera a capacidade ordinaria de resposta. Porén, a súa intervención non altera as responsabilidades que corresponden á Xunta de Galicia en materia de prevención, planificación, coordinación e defensa contra os incendios forestais. Non é aceptable que a aprobación dos plans, a formalización dos convenios, a contratación do persoal ou a dotación dos medios se produzan con atraso e que a resposta extraordinaria do Estado acabe asumindo funcións que deberían estar previamente garantidas polo dispositivo autonómico.

Os recursos extraordinarios estatais deben reforzar o dispositivo autonómico ante situacións excepcionais, non substituír unha planificación que corresponde á Administración galega e que debe estar preparada antes de que comece o período de maior risco.

A eficacia do dispositivo de emerxencias non depende exclusivamente do número de efectivos ou dos medios materiais dispoñibles. Require tamén persoal estable e suficientemente formado, condicións laborais que favorezan a continuidade e a experiencia profesional, así como unha maior integración operativa entre os distintos servizos de emerxencias, que permita mobilizar os recursos con rapidez, reducir a fragmentación competencial, evitar duplicidades administrativas e garantir unha dirección operativa clara e eficaz.

Diante de todo isto, o Pleno insta á Deputación ao cumprimento dos seguintes

ACORDOS:

- 1. Instar á Xunta de Galicia a consolidar un dispositivo público, profesional e plenamente operativo de prevención e defensa contra os incendios forestais durante todo o ano, reforzando o persoal propio do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPDCIF), integrando progresivamente no seu cadro de persoal as funcións estruturais e permanentes, reducindo a dependencia da contratación temporal para cubrir necesidades ordinarias do servizo e ampliando a actividade do persoal fixo-descontinuo para desenvolver labores de vixilancia, silvicultura preventiva, xestión da biomasa, mantemento de infraestruturas e outras actuacións de prevención tamén fóra do período de alto risco.*



2. *Instar á Xunta de Galicia a garantir que a planificación, contratación e incorporación do persoal adscrito ao Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, aos GES e aos dispositivos de apoio estea plenamente completada antes do inicio do período de alto risco, asegurando a cobertura efectiva das necesidades do servizo. Así mesmo, impulsar medidas para reducir a temporalidade e mellorar as condicións laborais do persoal, favorecendo a estabilidade dos cadros de persoal, a cobertura das prazas estruturais e a consolidación dun dispositivo profesional, experimentado e plenamente operativo durante todo o ano.*

Así mesmo, instar á Xunta a impulsar convenios e programas de financiamento plurianuais que permitan aos concellos planificar as contratacións e executar actuacións de prevención durante todo o ano.

3. *Instar á Xunta de Galicia a reforzar de maneira verificable os medios humanos, materiais e tecnolóxicos dos distritos forestais da provincia de Pontevedra e a publicar antes do 31 de maio de cada ano o seu desglose por distrito e comarca, incluíndo efectivos, brigadas, vehículos, maquinaria, cámaras, drons, vacantes e medios non operativos.*

Así mesmo, reforzar a colaboración cos concellos para a xestión da biomasa, a inspección das faixas e, cando proceda, a execución subsidiaria nas zonas de maior risco.

4. *Instar á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a reforzar os protocolos de coordinación, mando e intercambio de información entre o SPDCIF, o Consorcio Provincial, os parques comarcais, os GES, os servizos municipais e Protección Civil, impulsando unha maior integración operativa entre os distintos servizos de emerxencias, mellorando a interoperabilidade dos sistemas de comunicación, simplificando os procedementos de mobilización dos recursos e garantindo a mobilización inmediata do recurso operativo adecuado e máis próximo baixo unha dirección operativa clara e eficaz.*

A Deputación deberá promover, antes do 31 de maio de cada ano e en coordinación coa Xunta e cos concellos, unha avaliación provincial dos medios previstos e do seu grao real de operatividade, que inclúa a análise da cobertura territorial do dispositivo, dos tempos de resposta, das incidencias derivadas da falta de persoal ou medios e das actuacións de mellora previstas para a seguinte campaña.

Así mesmo, deberá reforzar o Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, garantindo persoal suficiente en todos os parques e quendas, a cobertura das vacantes e das baixas, a renovación dos vehículos e equipamentos e unha capacidade adecuada de resposta nas zonas de interface urbanoforestal.

5. *Dar traslado destes acordos á Xunta de Galicia, á Consellería do Medio Rural, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, á Axencia Galega de Emerxencias, á Fegamp, ao Consorcio Provincial de Pontevedra e aos concellos da provincia.”*



Sometida a votación a moción do grupo provincial do PSdeG-PSOE, para a anticipación, coordinación e reforzo dos servizos de prevención e emerxencias fronte aos incendios na provincia de Pontevedra, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.
2. **Votos en contra: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular
3. **Abstencións: (2)**, do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina desfavorablemente a moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, para a anticipación, coordinación e reforzo dos servizos de prevención e emerxencias fronte aos incendios na provincia de Pontevedra, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE, cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular (PP) e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do BNG.

9. *Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de solicitude ao Concello de Vigo para que levante de xeito urxente o veto aos concertos nos quioscos de praia e regularice a súa celebración. (Expte.- 2026057801).*

O voceiro do grupo provincial do Partido Popular, D. Jorge Cubela López, presentou o día 21 de xullo de 2026 co número de rexistro WEB2026059954 unha moción de solicitude ao Concello de Vigo para que levante de xeito urxente o veto aos concertos nos quioscos de praia e regularice a súa celebración, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN DE SOLICITUDE AO CONCELLO DE VIGO PARA QUE LEVANTE DE XEITO URXENTE O VETO AOS CONCERTOS NOS QUIOSCOS DE PRAIA E REGULARICE A SÚA CELEBRACIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



As Rías Baixas conforman un dos grandes polos turísticos de España pola súa amplísima oferta natural, paisaxística, cultural, deportiva e de lecer e, especialmente no verán, atraen a centos de milleiros de visitantes grazas á enorme variedade de plans e alternativas que se ofrecen para todos os públicos, o que xera unha indubidable riqueza, postos de traballo e un retorno socioeconómico de gran importancia para a nosa provincia.

Neste senso, desde o PP provincial consideramos que o tecido artellado por todos os sectores turísticos é fundamental para seguir nesta liña de crecemento e, entre todas esas accións que están a desenvolver con gran éxito para os nosos veciños e visitantes, queremos destacar a importancia dos concertos e da música en vivo, tanto en grandes festivais como en formatos máis pequenos. Así, as actuacións que se desenvolven nos denominados ‘chiringuitos’ de praia supoñen un indubidable atractivo que mobilizan cada verán a decenas de milleiros de visitantes nas nosas costas.

Por iso, desde o noso partido asistimos con estupefacción á prohibición destes concertos, a comezos do pasado mes de xullo, por parte do Concello de Vigo a través da Policía Local alegando o incumprimento da normativa por limitarse ao servizo de comida e bebida, xa que esa mesma regulación xa estaba vixente en anos anteriores e as actuacións desenvolvéronse con normalidade neses establecementos. Polo tanto, semella que en anos anteriores se puido ter feito a vista gorda por parte do executivo de Abel Caballero e, por razóns que se descoñecen, agora se quere rematar cuns espectáculos que forman parte dunha costume consolidada nas actividades destas instalacións.

Así, cremos que o goberno vigués ten que asumir a súa responsabilidade neste asunto, como demostrou o Concello de Nigrán, tamén gobernado polo PSOE, que si que foi quen de autorizar estes concertos co actual marco legal, o que demostra que só é unha cuestión de vontade política e sensibilidade da que carecen os socialistas vigueses.

Tras a aplicación deste veto musical a comezos do mes de xullo, o Concello de Vigo permaneceu totalmente paralizado durante varios días ata que, tras o malestar de asociacións e dos responsables destes locais, comezou esta semana cunha rolda de contactos de xeito segregado – dando a sensación de ter medo a reunirse con todo o sector en conxunto– e sen acordos polo momento para tentar solucionar un conflito xerado pola súa exclusiva incompetencia.

Desde o PP provincial descoñecemos se este veto, que tamén se produciu noutras actividades públicas ao aire libre como a pantalla xigante da Deputación para ver o cruce de cuartos da Selección Española, responde á súa sensación de responsabilidade e mala conciencia polo “caso Saltamontes” ou a unha nova acción de persecución a todos aqueles que amosan a súa discrepancia co pensamento único que tenta impoñer o goberno socialista. Pero en todo caso, queremos esixir unha solución inmediata á celebración destas actividades musicais tan propias do noso verán e que reúnen a tanta xente na cidade de Vigo pola súa importancia para o turismo na nosa provincia.



Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

- 1. Instar ao goberno municipal de Vigo a levantar o veto ás actividades nos establecementos coñecidos como 'chiringuitos' e modificar directamente as condicións incluídas nos pregos iniciais da concesión municipal dos quioscos de praia no período 2025-2028 para incorporar as actividades musicais ao seu plan de xestión.*
- 2. Esixir ao goberno municipal de Vigo que desenvolva, da man dos colectivos afectados, unha normativa específica que regularice os concertos de pequeno formato nos quioscos de praia, fixando os días e os horarios permitidos, así como a delimitación e o límite dos decibelios."*

Sometida a votación a moción do grupo provincial do Partido Popular de solicitude ao Concello de Vigo para que levante de xeito urxente o veto aos concertos nos quioscos de praia e regularice a súa celebración, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (6)**, do grupo provincial do PSdeG-PSOE.
- 3. Abstencións: (2)**, do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a moción do grupo provincial do Partido Popular de solicitude ao Concello de Vigo para que levante de xeito urxente o veto aos concertos nos quioscos de praia e regularice a súa celebración, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do PSdeG-PSOE e coas abstencións das Deputadas e Deputados do grupo provincial do BNG.

- 10. Dar conta do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xuño de 2026. (Exptes.- 2026057540 – 2026054535).**



A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraintcendios e Salvamento e Consorcio Contraintcendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de maio de 2026, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría con data 9 de xullo de 2026, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraintcendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de xuño de 2026 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES XUÑO 2026

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Xuño	18,1500000000	6.139.734,33	12,9000000000	1.384.633,16	17,1838956597
Escola de Enfermería	Xuño	4,9100000000	3.557,86	0,0000000000	0,00	4,9100000000



Consortio de Incendios e Salvamento	Xuño	7,8000000000	30.487,82	3,0400000000	4.779,11	7,1549604800
Consortio Deza Tabeiros	Xuño	11,8900000000	6.934,98	0,0000000000	0,00	11,8900000000
TOTAL			6.180.714,99		1.389.412,27	17,1265555909

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido do **informe do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xuño de 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes**, en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

11. Dar conta do informe da Intervención sobre o cumprimento durante o 2º trimestre de 2026 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. (Exptes.- 2026057542 – 2026054561).

A Intervención elaborou un informe sobre o cumprimento durante o 2º trimestre de 2026 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, asinado pola Viceinterventora con data 10 de xullo de 2026, e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría con data 13 de xullo de 2026, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei 15/2010 de modificación da lei 3/2004 de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.



Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 2º trimestre de 2026, que se expón a continuación:

INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2026

1. Con referencia á data de conformidade da factura;

➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fora Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	15	3.444	13.591.670,66 €	51	1.786.240,89 €
Escola de Enfermería	3	6	7.867,15 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	5	130	112.013,22 €	0	0,00 €
Consorcio Deza e Tabeirós	18	60	32.777,86€	12	7.232,06 €

➤ Facturas pendientes de pago:

Facturas pendientes de pago	Período Medio pendiente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fora Período Legal Prazo	
		Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe Total
Deputación de Pontevedra	14	465	1.372.772,19 €	10	11.860,97 €
Escola de Enfermería	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	3	3	4.779,11 €	0	0,00 €
Consorcio Deza e Tabeirós	0	0	0,00 €	0	0,00 €

2. Intereses de demora pagados

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consorcio Provincial	0	0,00 €



Consortio Deza e Tabeirós	0	0,00 €
---------------------------	---	--------

En base os cálculos detallados neste informe podemos concluír que se cumpre co prazo de pago a provedores legalmente establecido.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios Deza Tabeirós, durante o segundo trimestre de 2026, dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

12. Dar conta da aprobación do Plan de Acción Provincial 2026 derivado das propostas e recomendacións referidas no informe resumo da Intervención dos resultados do control interno correspondente ao exercicio 2025. (Exptes.- 2026057544. – 2026054661).

O Pleno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 24 de abril de 2026, tomou coñecemento do informe elaborado pola Intervención, con data 27 de marzo de 2026, correspondente o resumo do control interno do exercicio 2025, no que figuraban unha serie de propostas de medidas de corrección e melloras.

O artigo 38 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, establece que lle corresponde á Presidencia da entidade a formalización dun plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no informe da Intervención.

Por Resolución Presidencial número 2026005666 de data 9 de xullo de 2026 resolveuse aprobar o Plan de Acción Provincial 2026 derivado das propostas e recomendacións referidas no informe resumo da Intervención dos resultados do control interno 2025, cuxo contido é o seguinte:

“O Presidente en virtude das competencias legalmente atribuídas, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto o informe resumo dos resultados de control interno no exercicio 2025 elaborado pola Intervención Provincial en data 27/03/2026 e a proposta de medidas de corrección e mellora incluídas no referido informe.

Considerando que segundo o disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017 corresponde á Presidencia da entidade a formalización dun plan de acción que determine as medidas a adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no Informe da Intervención.



Á vista do exposto, RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o Plan de acción 2026 de conformidade co seguinte:

PLAN DE ACCIÓN PROVINCIAL DERIVADO DAS PROPOSTAS E RECOMENDACIÓNS REFERIDAS NO INFORME RESUMO DA INTERVENCIÓN DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO - EJERCICIO 2026

I. ANTECEDENTES

O artigo 38 do Real Decreto 424/2017 establece que, no prazo máximo de tres meses desde a remisión ao Pleno do informe resumo anual elaborado pola Intervención, a Presidencia da Corporación aprobará un Plan de acción no que se determinen as medidas necesarias para corrixir as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos postos de manifesto no exercicio do control interno.

O presente Plan elabórase a partir das conclusións e recomendacións contidas no Informe resumo dos resultados do control interno correspondente ao exercicio 2025, da avaliación do grao de execución do Plan de acción aprobado para o exercicio anterior e das propostas formuladas polos distintos servizos da Deputación para continuar avanzando na modernización da organización.

A finalidade deste Plan non se limita á adopción de medidas correctoras fronte ás incidencias detectadas polos órganos de control, senón que pretende impulsar actuacións que permitan consolidar a transformación dixital da Deputación, mellorar a coordinación entre servizos, incrementar a eficiencia administrativa e reforzar a calidade da xestión pública mediante a utilización das tecnoloxías da información e a interoperabilidade entre aplicacións.

A selección das actuacións incluídas realizouse atendendo tanto á súa relevancia para a mellora da xestión e do sistema de control interno como á capacidade real de execución da organización. En consecuencia, determinadas actuacións de carácter estrutural incorpóranse ao presente Plan como liñas de desenvolvemento progresivo, cuxa implantación efectiva dependerá da dispoñibilidade de medios persoais, técnicos e orzamentarios.

II. AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN 2025

A execución do Plan de acción correspondente ao exercicio 2025 presenta un balance global positivo, aínda que cun grao desigual de desenvolvemento segundo as actuacións previstas.

Durante o exercicio consolidouse a implantación do novo sistema de xestión económico-financeira e patrimonial, avanzouse no proceso de adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade, impulsáronse novos desenvolvementos da administración electrónica e iniciáronse actuacións preparatorias para a evolución do xestor corporativo de expedientes e doutros sistemas de información.

Non obstante, determinadas actuacións non puideron completarse debido á súa elevada complexidade técnica, á dependencia doutros proxectos de transformación dixital ou á limitada dispoñibilidade de recursos persoais e técnicos. Esta circunstancia afecta, especialmente, á integración entre os sistemas patrimoniais e contables, á modernización da xestión de persoal, á revisión integral da xestión das subvencións e ao desenvolvemento doutros proxectos tecnolóxicos de carácter transversal.



Á vista desta avaliación, considérase conveniente manter aquelas actuacións que continúan sendo estratéxicas para a organización e incorporar novas iniciativas orientadas á consolidación da administración dixital, á mellora da interoperabilidade e á simplificación dos procedementos administrativos.

III. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

As actuacións incluídas neste Plan estrutúranse arredor dos seguintes obxectivos estratéxicos:

- 1. Consolidar a transformación dixital da Deputación, favorecendo a evolución dos sistemas de información e a prestación de servizos públicos dixitais máis seguros, accesibles e eficientes.*
- 2. Incrementar a interoperabilidade entre aplicacións e administracións públicas, mediante a utilización dos servizos comúns da Administración dixital e a integración dos distintos sistemas corporativos.*
- 3. Modernizar a xestión administrativa, impulsando a automatización dos procedementos, a reutilización da información e a simplificación das tarefas administrativas.*
- 4. Mellorar a coordinación entre os distintos servizos, favorecendo unha xestión máis integrada dos expedientes e unha utilización máis eficiente dos recursos dispoñibles.*
- 5. Reforzar a calidade da xestión pública, promovendo actuacións que contribúan a incrementar a eficiencia, a transparencia, a seguridade da información e a capacidade de*

IV. ACTUACIÓNS

O presente Plan articúlase arredor de nove actuacións prioritarias, estruturadas de forma homoxénea, identificando para cada unha delas a situación de partida, as actuacións previstas, os órganos responsables da súa execución e a súa prioridade ou horizonte temporal.

1. Consolidación da ciberseguridade e do Esquema Nacional de Seguridade

Situación:

A transformación dixital da Deputación e o incremento dos servizos electrónicos prestados á cidadanía esixen manter un elevado nivel de protección dos sistemas de información, garantindo a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, autenticidade e trazabilidade da información.

Durante os últimos exercicios completouse o proceso de adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), acadándose a correspondente certificación. Non obstante, o ENS configura un modelo de mellora continua que require manter unha actividade permanente de supervisión, actualización e adaptación fronte á evolución constante das ameazas de ciberseguridade.

Así mesmo, a Deputación vén desenvolvendo unha importante labor de cooperación cos concellos da provincia mediante a prestación de servizos de apoio en materia de seguridade da información.



Actuacións previstas:

- *Consolidar o sistema de xestión da seguridade da información implantado na Deputación, garantindo o mantemento da certificación do Esquema Nacional de Seguridade.*
- *Continuar coa realización de auditorías periódicas de seguridade sobre os sistemas corporativos, incluíndo análises de vulnerabilidades internas e externas, revisión das redes WiFi, sistemas VPN, cortafuegos, Web Application Firewall (WAF), aplicacións web e restantes infraestruturas críticas.*
- *Reforzar as ferramentas de monitorización, detección e resposta fronte a incidentes de seguridade mediante a utilización de solucións avanzadas de protección dos equipos e dos sistemas corporativos.*
- *Continuar empregando ferramentas de análise automatizada e intelixencia artificial para apoiar os procesos de auditoría, detección temperá de vulnerabilidades e identificación de riscos emerxentes.*
- *Desenvolver as actuacións previstas no acordo marco subscrito coa AMTEGA para facilitar aos concellos da provincia a adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade, favorecendo a extensión das boas prácticas en materia de ciberseguridade no ámbito local.*

Responsable:

Servizo de Novas Tecnoloxías.

Prioridade:

Alta.

2. Implantación dun xestor corporativo de tarefas

Situación:

A tramitación dos expedientes administrativos implica habitualmente a intervención sucesiva de distintas unidades administrativas, o que require unha adecuada coordinación entre servizos e un seguimento continuo das actuacións pendentes.

Na actualidade non existe unha ferramenta corporativa integrada que permita asignar tarefas, coñecer o seu estado de execución, establecer prioridades ou obter indicadores de seguimento da actividade administrativa, circunstancia que dificulta a coordinación interna e limita a dispoñibilidade de información para a dirección e mellora continua dos procedementos.

A implantación dun xestor corporativo de tarefas permitirá evolucionar cara a un modelo de traballo máis colaborativo, facilitando o seguimento da actividade, a planificación dos traballos e a medición dos tempos de resposta.

Actuacións previstas:

- *Desenvolver un xestor corporativo de tarefas plenamente integrado na plataforma CIVIDAS.*
- *Implantar un sistema común de asignación, redistribución e seguimento das tarefas asociadas á tramitación dos expedientes administrativos.*



- *Permitir o establecemento de prioridades, avisos e mecanismos de control do cumprimento dos prazos de execución.*
- *Facilitar a coordinación entre os distintos servizos que interveñen na tramitación administrativa mediante unha visión compartida do estado das actuacións pendentes.*
- *Obter indicadores sobre carga de traballo, tempos medios de tramitación, tarefas pendentes e evolución dos procedementos, co fin de apoiar a planificación e mellora continua da organización.*
- *Favorecer a trazabilidade completa da actividade administrativa desenvolvida ao longo da vida dos expedientes.*

Responsable:

Servizo de Secretaría.

Servizos colaboradores:

Novas Tecnoloxías, Intervención e restantes centros xestores.

Prioridade:

Alta.

3. Implantación do expediente electrónico de órganos colexiados

Situación:

A tramitación das sesións do Pleno, da Xunta de Goberno e das Comisións Informativas continúa apoiándose en diferentes aplicacións e actuacións parcialmente dixitalizadas, circunstancia que incrementa a carga administrativa, dificulta a trazabilidade da información e obriga á realización de tarefas repetitivas.

Resulta conveniente completar a dixitalización deste procedemento mediante un expediente electrónico específico que integre todas as actuacións necesarias para a preparación, celebración e seguimento das sesións dos órganos colexiados.

Esta actuación permitirá avanzar cara a unha xestión integral do procedemento, reforzando a coordinación entre os servizos implicados e mellorando a integración cos restantes expedientes corporativos.

Actuacións previstas

- *Finalizar o desenvolvemento do expediente electrónico específico para órganos colexiados integrado na plataforma CIVIDAS.*
- *Integrar nun único expediente todas as actuacións relacionadas coa preparación das sesións, incluíndo a confección da orde do día, a convocatoria, a documentación, os acordos, as certificacións e o seguimento da súa execución.*
- *Establecer a integración automática entre os acordos adoptados polos órganos colexiados e os expedientes administrativos de orixe, evitando duplicidades na xestión da información.*
- *Automatizar os fluxos de tramitación e a xeración da documentación necesaria durante as distintas fases do procedemento.*



- *Actualizar funcionalmente o portal **gobierno.depo.gal**, mellorando o acceso á documentación polos membros dos órganos colexiados e reforzando a transparencia institucional.*
- *Incrementar a trazabilidade do procedemento e reducir as actuacións manuais actualmente necesarias para a preparación e desenvolvemento das sesións.*

Responsable:

Secretaría.

Servizos colaboradores:

Novas Tecnoloxías e restantes centros xestores.

Prioridade:

Alta.

4. Mellora da interoperabilidade administrativa

Situación:

A evolución da administración electrónica require incrementar a interoperabilidade cos servizos comúns da Administración dixital, favorecendo o intercambio automatizado de información entre administracións e simplificando a relación da cidadanía coa Deputación.

Neste contexto, resulta prioritario avanzar na integración da plataforma corporativa cos principais servizos horizontais da Administración Xeral do Estado, permitindo reducir actuacións manuais, eliminar duplicidades na achega de documentación, incrementar a seguridade xurídica das actuacións administrativas e mellorar a calidade dos servizos prestados á cidadanía.

A integración coa Carpeta Cidadá permitirá ofrecer un punto único de acceso á información relativa aos expedientes tramitados pola Deputación; a conexión co Rexistro Electrónico de Apoderamentos posibilitará a comprobación automática da representación das persoas interesadas; e a incorporación de MiDNI facilitará novos mecanismos de identificación presencial máis seguros e eficientes.

Actuacións previstas:

- *Executar as actuacións técnicas necesarias para integrar a plataforma de administración electrónica coa Carpeta Cidadá da Administración Xeral do Estado, permitindo que as persoas interesadas poidan consultar desde un único punto de acceso o estado dos expedientes tramitados pola Deputación, así como a documentación e información asociada aos mesmos.*
- *Desenvolver a integración co Rexistro Electrónico de Apoderamentos (REA), coa finalidade de automatizar a comprobación das representacións alegadas nas solicitudes presentadas na sede electrónica, evitando comprobacións documentais innecesarias e reducindo os tempos de tramitación.*
- *Deseñar os mecanismos necesarios para que as consultas ao REA se realicen directamente desde o propio expediente electrónico, sen necesidade de acceder a aplicacións externas, favorecendo a integración dos procedementos e a simplificación das tarefas dos centros xestores.*
- *Definir os requisitos técnicos, organizativos e de seguridade necesarios para garantir unha correcta interoperabilidade co REA, de conformidade co Esquema*



Nacional de Interoperabilidade e coa normativa reguladora da representación electrónica.

- *Desenvolver e integrar no módulo de rexistro presencial da plataforma un sistema de identificación mediante MiDNI, incorporando un conector específico que permita a lectura e validación dos códigos QR dinámicos xerados pola aplicación oficial, obtendo automaticamente os datos identificativos necesarios para a práctica dos asentos rexistrados.*
- *Favorecer a reutilización dos servizos comúns da Administración dixital, reducindo cargas administrativas para a cidadanía e incrementando a eficiencia dos procedementos administrativos.*

Responsable:

Secretaría.

Servizos colaboradores:

Servizo de Novas Tecnoloxías.

Prioridade:

Media.

5. Parametrización dos datos e preparación da incorporación de ferramentas de IA.

Situación:

A transformación dixital da Deputación require evolucionar cara a un modelo no que a información contida nos expedientes administrativos poida ser explotada de forma estruturada, facilitando a automatización de procesos e a utilización de ferramentas avanzadas de apoio á xestión.

A incorporación de solucións baseadas en intelixencia artificial esixe previamente dispoñer dunha arquitectura de datos adecuada, dunha infraestrutura tecnolóxica dimensionada para este fin e dun marco organizativo que garanta a seguridade da información, a protección dos datos persoais e a supervisión humana das decisións administrativas.

Por este motivo, durante o exercicio 2026 as actuacións centraranse na preparación das condicións técnicas necesarias para posibilitar a incorporación progresiva deste tipo de ferramentas nos próximos exercicios.

Actuacións previstas

- *Continuar os traballos de parametrización e estruturación da información incorporada ao xestor de expedientes, favorecendo a reutilización dos datos durante a tramitación administrativa.*
- *Analizar a infraestrutura hardware e software necesaria para soportar futuras solucións baseadas en intelixencia artificial.*
- *Avaliar diferentes alternativas tecnolóxicas e identificar os casos de uso con maior potencial de aplicación na actividade administrativa da Deputación.*
- *Desenvolver probas piloto controladas orientadas á xeración automática de resumos documentais, contextualización da información dos expedientes e asistencia na procura e consulta de documentación administrativa.*



- *Analizar a posible implantación de asistentes conversacionais de apoio aos empregados públicos para facilitar a consulta da información corporativa mediante linguaxe natural.*
- *Garantir que o eventual emprego destas ferramentas se realice con pleno respecto aos principios de seguridade, protección de datos, trazabilidade, transparencia, supervisión humana e cumprimento da normativa europea en materia de intelixencia artificial.*

Responsable:

Servizo de Novas Tecnoloxías.

Servizos colaboradores:

Secretaría, Intervención e restantes servizos implicados.

Prioridade:

Media.

6. Modernización do sistema de xestión de persoal e nóminas

Situación:

A modernización do sistema de xestión de persoal e nóminas constitúe unha actuación de especial relevancia organizativa, pola incidencia directa que ten na xestión dos recursos humanos, na elaboración das nóminas, no control das incidencias con repercusión económica e na integración cos restantes sistemas corporativos.

Non obstante, trátase dun proceso de elevada complexidade técnica, funcional e organizativa, tendo en conta o volume de efectivos da Deputación, a diversidade de situacións administrativas, xornadas, quendas, incidencias e conceptos retributivos, así como a necesidade de garantir unha adecuada integración coa contabilidade, co xestor de expedientes e cos sistemas corporativos.

Por este motivo, a súa execución configúrase como unha actuación de carácter plurianual. Durante o exercicio 2026 as actuacións centraranse nunha fase previa de estudo, análise funcional, determinación de necesidades, análise das solucións existentes no mercado e planificación do proxecto.

Actuacións previstas para 2026:

- *Analizar o funcionamento do sistema actual de xestión de persoal e nóminas.*
- *Identificar as principais limitacións funcionais, organizativas e tecnolóxicas existentes.*
- *Determinar as necesidades que deberá satisfacer un futuro sistema integral de recursos humanos adaptado ás características da Deputación.*
- *Analizar as solucións tecnolóxicas existentes no mercado, valorando a súa funcionalidade, o seu grao de implantación noutras administracións públicas de dimensión semellante, as posibilidades de integración cos sistemas corporativos da Deputación e a súa adecuación ás necesidades organizativas, funcionais e económicas da entidade.*
- *Definir os requisitos básicos de integración coa contabilidade, co xestor de expedientes, coa sede electrónica e cos restantes sistemas corporativos.*



- *Elaborar unha proposta de planificación das distintas fases do proxecto para a súa execución nos exercicios posteriores.*

Responsable:

Servizo de Recursos Humanos.

Servizos colaboradores:

Servizo de Novas Tecnoloxías e Intervención.

Horizonte de execución:

Actuación plurianual. Durante o exercicio 2026 desenvolverase a fase de estudo, análise funcional, análise de mercado e planificación previa do proxecto.

7. Regularización patrimonial e conciliación patrimonio-contabilidade

Situación:

A coordinación entre o Inventario Xeral de Bens e a contabilidade constitúe un dos elementos esenciais para garantir a fiabilidade da información económico-patrimonial da Deputación e a correcta rendición de contas.

Na actualidade, a conciliación anual entre patrimonio e contabilidade realízase de forma manual, tomando como punto de partida os datos contables e efectuando posteriormente as correspondentes comprobacións co Inventario. Este procedemento, aínda que permite verificar a coherencia da información, supón unha importante carga de traballo e limita as posibilidades de automatización do proceso.

Co fin de mellorar a eficiencia da xestión patrimonial resulta necesario desenvolver un sistema que permita integrar os procedementos de xestión patrimonial e contable durante a tramitación dos expedientes. Esta integración presenta unha elevada complexidade técnica, xa que a conexión entre ambos sistemas deberá realizarse a través do xestor corporativo de expedientes CIVIDAS, evitando que os usuarios teñan que operar de forma sucesiva sobre distintas aplicacións e garantindo a unicidade da tramitación administrativa.

Por outra banda, continúa pendente a conciliación histórica do Inventario Xeral, actuación que corresponde impulsar e dirixir ao Servizo de Patrimonio, para a que se considera conveniente contar coa colaboración dunha entidade especializada.

Actuacións previstas:

- *Continuar realizando a conciliación anual entre patrimonio e contabilidade, mantendo o procedemento actualmente existente mentres non se complete a integración dos sistemas.*
- *Desenvolver, en colaboración co Servizo de Novas Tecnoloxías, o enlace funcional entre o sistema de xestión patrimonial e a contabilidade a través do xestor corporativo de expedientes CIVIDAS, de forma que as operacións patrimoniais poidan incorporarse á tramitación ordinaria dos expedientes de gasto sen necesidade de acceder a aplicacións independentes.*
- *Definir os requisitos funcionais e técnicos necesarios para automatizar, na medida do posible, a comunicación entre ambos sistemas durante a tramitación das facturas e certificacións.*



- *Iniciar durante o exercicio 2026 os trámites para a contratación dunha asistencia técnica especializada que colabore nos traballos de conciliación histórica do Inventario Xeral.*
- *Avanzar na implantación do enlace operativo entre contabilidade e patrimonio, prevéndose a súa posta en funcionamento durante o exercicio 2026 ou, de resultar necesario, no primeiro trimestre de 2027.*

Responsable:

Servizo de Patrimonio.

Servizos colaboradores:

Intervención Provincial e Servizo de Novas Tecnoloxías.

Horizonte de execución:

Actuación plurianual. Durante o exercicio 2026 manterase a conciliación anual actualmente existente, iniciaranse os traballos para a contratación da asistencia técnica especializada e continuarase o desenvolvemento da integración entre contabilidade e patrimonio a través de CIVIDAS.

8. Modernización da xestión das subvencións

Situación:

A xestión das subvencións constitúe un dos ámbitos de actividade con maior volume de expedientes e maior diversidade procedemental dentro da Deputación. A experiencia acumulada nos últimos exercicios e os resultados das actuacións de control interno poñen de manifesto a conveniencia de continuar avanzando na normalización dos procedementos, na simplificación da tramitación electrónica e na automatización de determinadas actuacións de xestión e control, co obxecto de incrementar a eficiencia administrativa, reforzar a seguridade xurídica e facilitar a tramitación por parte dos centros xestores.

Non obstante, trátase dunha actuación de carácter transversal que require importantes desenvolvementos tecnolóxicos, a adaptación progresiva dos procedementos administrativos e unha actuación coordinada entre os distintos servizos implicados, polo que a súa execución deberá adaptarse á dispoñibilidade de medios persoais, técnicos e orzamentarios.

Actuacións previstas:

- *Continuar a revisión e normalización dos procedementos de concesión, xustificación, pagamento e reintegro das subvencións, promovendo a utilización de modelos e formularios normalizados.*
- *Avanzar no desenvolvemento dos expedientes electrónicos específicos, favorecendo a automatización das distintas fases da tramitación e a integración cos restantes sistemas corporativos.*
- *Analizar a incorporación progresiva de automatismos para a realización de cálculos, comprobacións e comunicacións coa Base de Datos Nacional de Subvencións e con outras plataformas de interoperabilidade.*
- *Valorar a implantación progresiva de ferramentas de apoio ao seguimento e control das subvencións, especialmente na revisión das contas xustificativas e na*



comprobación do cumprimento das condicións establecidas nas bases reguladoras.

- *Programar a execución das actuacións anteriores en función da dispoñibilidade de medios persoais, técnicos e orzamentarios e das prioridades organizativas da Deputación.*

Responsable:

Centros xestores.

Servizos colaboradores:

Intervención, Secretaría e Servizo de Novas Tecnoloxías.

Horizonte de execución:

Actuación de desenvolvemento progresivo, condicionada á dispoñibilidade de medios persoais, técnicos e orzamentarios.

9. Modernización dos procedementos de ingresos e certificacións

Situación:

A revisión dos procedementos de ingresos e a dixitalización da xestión das certificacións de obra constitúen actuacións de interese para continuar avanzando na modernización da xestión económico-administrativa.

A implantación destas actuacións require, non obstante, importantes desenvolvementos tecnolóxicos e unha actuación coordinada entre diversos servizos da Deputación, polo que se considera máis axeitado abordar a súa execución de forma progresiva, adaptándoa á dispoñibilidade de recursos e á evolución doutros proxectos de transformación dixital actualmente en desenvolvemento.

Actuacións previstas:

- *Analizar os procedementos de ingresos susceptibles de simplificación e automatización.*
- *Revisar os circuitos de tramitación asociados á xestión de ingresos e aos anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia, identificando posibles melloras organizativas e tecnolóxicas.*
- *Continuar os traballos preparatorios para o desenvolvemento dun módulo electrónico de certificacións integrado co xestor de expedientes e coa contabilidade.*
- *Programar a execución dos desenvolvementos tecnolóxicos que resulten viables en función da dispoñibilidade de medios e da evolución dos restantes proxectos corporativos.*

Responsable:

Intervención, Tesouraría e Servizo de Novas Tecnoloxías, no ámbito das súas respectivas competencias.

Horizonte de execución:

Actuación de desenvolvemento progresivo, condicionada á dispoñibilidade de medios persoais, técnicos e orzamentarios.



V. PRIORIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS

Co obxecto de favorecer unha execución realista do presente Plan, as actuacións previstas clasifícanse segundo a súa prioridade e horizonte temporal.

Actuación	Prioridade / horizonte
Consolidación da ciberseguridade	Alta
Implantación do xestor corporativo de tarefas	Alta
Expediente electrónico de órganos colexiados	Alta
Mellora da interoperabilidade administrativa	Media
Parametrización dos datos e preparación da IA	Media
Modernización do sistema de persoal e nóminas	Actuación plurianual. En 2026: estudo, análise funcional, análise de mercado e planificación previa
Regularización patrimonial e conciliación patrimonio-contabilidade	Alta. Actuación plurianual
Modernización da xestión das subvencións	Desenvolvemento progresivo condicionado á dispoñibilidade de medios
Modernización dos procedementos de ingresos e certificacións	Desenvolvemento progresivo condicionado á dispoñibilidade de medios

As actuacións previstas poderán desenvolverse simultaneamente cando a súa natureza o permita e sempre en función da dispoñibilidade de medios persoais, técnicos e orzamentarios e das prioridades organizativas que se determinen durante a execución do Plan.

VI. SEGUIMIENTO DO PLAN

A execución das actuacións previstas corresponderá aos órganos responsables identificados en cada un dos apartados anteriores, que impulsarán o seu desenvolvemento coa colaboración dos servizos implicados.

A Intervención Provincial realizará o seguimento das medidas previstas no presente Plan, verificando o seu grao de execución e valorando a súa adecuación para corrixir as debilidades detectadas no exercicio do control interno.

De conformidade co disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, informarase ao Pleno sobre a execución do presente Plan de acción, incorporando, no seu caso, as actuacións que deban continuar desenvolvéndose en exercicios posteriores.



ANEXO I. CADRO RESUMO DAS ACTUACIÓNS DO PLAN DE ACCIÓN 2026

Nº	Actuación	Obxectivo principal	Responsable	Servizos colaboradores	Horizonte de execución	Indicador de seguimento
1	Consolidación da ciberseguridade	Consolidar o ENS e reforzar a seguridade da información	Novas Tecnoloxías	—	2026	Mantemento da certificación ENS e execución das auditorías previstas
2	Xestor corporativo de tarefas	Mellorar a coordinación e o seguimento dos expedientes	Secretaría	Novas Tecnoloxías, Intervención e centros xestores	2026	Implantación do xestor integrado en CIVIDAS
3	Expediente electrónico de órganos colexiados	Dixitalizar integramente a tramitación dos órganos colexiados	Secretaría	Novas Tecnoloxías	2026	Expediente operativo e integrado cos expedientes de orixe
4	Mellora da interoperabilidade administrativa	Incrementar a interoperabilidade e simplificar a relación coa cidadanía	Secretaría	Novas Tecnoloxías	2026	Integración coa Carpeta Cidadá, REA e MiDNI
5	Parametrización dos datos e preparación da IA	Preparar a infraestrutura para futuras ferramentas de IA	Novas Tecnoloxías	Secretaría e Intervención	2026	Execución das probas piloto e parametrización dos datos
6	Modernización do sistema de persoal e nóminas	Definir o futuro sistema integral de RR.HH.	Recursos Humanos	Novas Tecnoloxías e Intervención	Actuación plurianual	Finalización da fase de estudo, análise de mercado e planificación
7	Regularización patrimonial e conciliación patrimonio-contabilidade	Integrar patrimonio e contabilidade e avanzar na conciliación histórica	Patrimonio	Intervención e Novas Tecnoloxías	Actuación plurianual	Inicio da contratación da asistencia técnica e avance na integración en CIVIDAS
8	Modernización da xestión das subvencións	Simplificar e automatizar a xestión das subvencións	Centros xestores	Intervención, Secretaría e NNTT	Desenvolvemento progresivo	Actuacións de normalización e automatización iniciadas
9	Modernización dos procedementos de ingresos e certificacións	Mellorar a xestión económico-administrativa	Intervención, Tesouraría e NNTT	—	Desenvolvemento progresivo	Estudos funcionais e desenvolvementos iniciados

Segundo. Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.



Terceiro. Dar traslado da presente Resolución á Intervención para valoración e seguimento dos resultados das medidas correctoras implantadas para mellora de xestión económico – financeira desta entidade.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda **queda enterada do contido do Plan de Acción Provincial 2026 derivado das propostas e recomendacións referidas no informe resumo da Intervención dos resultados do control interno 2025 e que foi aprobado por Resolución Presidencial número 2026005666 de data 9 de xullo de 2026**, en relación ó disposto no artigo 38 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

13. Rogos e Preguntas.

Non se produciron.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as doce horas e cinco minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión
Asdo.: José Antonio Gulías Varela
(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

